

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1

SESION ORDINARIA DO 30 DE XANEIRO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día trinta de xaneiro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión

ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENTE: Iniciamos a sesión ordinaria, Pleno do Excmo. Concello número 1, convocado para o día de hoxe ás nove, orde do día asinado o 25 de xaneiro que obra en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos a sesión.

PARTE RESOLUTIVA

1(1).-ACTAS ANTERIORES: (ACTA ORDINARIA DO 28.11.2016).

(No momento da votación atópase ausente a concelleira e 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego)

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do 28 de novembro de 2016.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(2).-PROPOSTA DE ACORDO DE REALIZACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO TÓDOLOS ÚLTIMOS MÉRCORES NON FESTIVOS DE CADA MES ÁS 9,00 HORAS. EXPTE. 1471/1110

ANTECEDENTES.- Con data 12 de decembro de 2016, a Alcaldía-Presidencia remite a seguinte proposta á consideración do Pleno,

"O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión organizativa de 13.06.2015, en virtude de proposta desta Alcaldía na súa condición de Presidente do Pleno, resolveu sobre a periodicidade das sesións e acordou realizar as sesións ordinarias do Pleno no denominado "Salón de Sesións" os últimos luns de cada mes ás 9.00 horas.

Convén a modificación do acordo adoptado ao obxecto de procurar unha maior continuidade entre a convocatoria e a realización da sesión, a tal efecto esta Presidencia, no uso das súas atribucións, somete á consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO: O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, previa convocatoria realizada ao efecto por esta Presidencia, realizará sesións ordinarias no denominado "Salón de Sesións" tódolos últimos mércores non festivos de cada mes ás 9.00 horas en primeira convocatoria e dous días despois en segunda.

SEGUNDO: Proceder á publicación do presente acordo na web oficial do Concello de Vigo e na Intranet municipal."

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión ordinaria do 19.12.2016, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Con esta proposta o que tratamos é un pouco de solventar unha situación que coa realización dos plenos os luns, certamente ten incidencia negativa na parte administrativa co cal entendémolo como unha medida de racionalización, este evidentemente é un órgano de debate, un parlamento e ningún parlamento debate os mércores por moitas razóns nas que non me vou estender.

Polo tanto, unha razón de operatividade administrativa xustifica esta proposta nosa, un exemplo, o Regulamento deste Pleno prevé preguntas e mocións urxentes que si se presentan e se ten dereito a presentalas no límite horario incapacita a resposta administrativa ao mediar só a fin de semana e non poder contar con todo o aparato administrativo necesario. Tamén estimamos que a propia pedagogía política de transmisión aos cidadáns para que se coñeza en ámbito público os temas que son tratados neste Pleno, aconsella o que poida haber dous días antes,

a fin de semana sabemos que en canto a prensa ten outras coordenadas e dous días posteriores en canto ao eco do que aquí se debateu, pero tamén é moi importante que a maquinaria administrativa e o propio funcionamento aconsella cambiar o día de realización dos plenos, evidentemente o Concello de Vigo ten os seus propios órganos a realización da Xunta de Goberno que é semanal, a da Xerencia de Urbanismo que é semanal ao marxe de comisión informativas e demais. Logo hai un apartado certamente importante que é a dobre presenza obrigada por Lei no que é a administración da Deputación de Pontevedra, tamén obriga a esta racionalidade, porque é unha obviedade pero lembro que para ser deputado do goberno da Deputación tamén hai que ser concelleiro como tamén para ser presidenta da Deputación e como tamén para ser presidente da FEMP, polo tanto, os esquemas dos órganos aos que me estou a referir se repiten tanto en ámbito de Vigo como en ámbito provincial, dado que é obrigado. Polo tanto entendemos que esta é unha proposta dende a racionalidade e que é unha proposta que afecta só a un día do mes que teñen 30 ou 31 días os meses, cremos que é unha incidencia mínima e a duración dos plenos nunha media de dúas horas e media, tres horas nos últimos plenos, cremos que non incide negativamente e polo tanto consideramos que o mércores é o día idóneo.

PRESIDENCIA: Antes da quenda de grupos quería dar a benvinda aos estudantes do Colexio Mendiño que forman parte do público deste Pleno.

SR. PÉREZ CORREA: Nós expresamos xa en varias ocasións que este tema saíu a colación que a nós realmente o día do Pleno nos era indiferente, sempre e cando cumprira unha serie de requisitos, en primeiro lugar que facilitara o traballo aos traballadores públicos deste Concello o que ten que ver coa sinatura da convocatoria do Pleno, o que ten que ver coa preparación dos expedientes, todo o que sexa a parte administrativa e nós entendemos que polo contacto que fixemos con algún traballador público, que o mércores non é unha boa data, que polo menos é unha data que non facilita o traballo administrativo. E do outro problema que hai enriba da mesa, a nós non nos aplica, os concelleiros/as de Marea de Vigo non podemos estar en dúas institucións, si é certo na Deputación de Pontevedra por ese criterio antes exposto, de que para ser membro da Deputación Provincial

hai que ser concelleiro pero no noso caso e no noso grupo municipal nunca vai haber nin deputados autonómicos, nin senadores, nin deputados no Congreso dos Deputados, porque entre outras cousas temos o mandato dun cargo institucional por persoa, pero existindo outras forzas políticas que si o teñen, é lexítimo a súa vontade de expresar así os cargos institucionais, nós entendemos que había que buscar un día que non coincidira con plenos noutras institucións, neste caso no Parlamento de Galicia ou no Senado, sei que había datas e que poderíamos ter buscado unha data minimamente consensuada entre todos e a nós se era así, o Partido Popular entendía que o xoves era máis factible, se os traballadores públicos desta casa entendían que o xoves daba máis marxe de manobra para preparar a documentación e os días sobre todo que hai con respecto á Xunta de Voceiros e ás comisións entendendo que os sábados xa non é un día hábil, pois a nós nos daba igual o mércores que o xoves, entendíamos que podería xerar menos problemas a data do xoves, tamén entendemos que un Pleno habería que buscalo en datas máis factibles para a presenza da cidadanía, posiblemente polas tardes, pero entendemos que neste Concello por non estar institucionalizado os plenos de tarde, como existen noutros concellos que sen ningún problema se realizan pola tarde, aquí non poderíamos, entendemos ou en principio entendemos tamén que polo propio convenio dos traballadores e pola situación tamén do que suporía trasladar á tarde persoal municipal, a nós entre o mércores e o xoves, entendemos que xeraba menos problemas o xoves. Aínda así, cremos que debería haber un pouco máis de reflexión sobre as datas nas que realizamos o Pleno, as posibilidades de que un Pleno fora pola tarde para non coincidir en xornada laboral cos veciños/as que queiran asistir e por desgracia o sábado por non ser hábil entendemos que tampouco é hábil para o Pleno, e polo tanto, os sábados que era unha data para nós que podería ser máis interesante para abrir a participación cidadá, pois entendemos que podemos ter un problema mantendo esta proposta do mércores e a nós como digo se se puidera trasladar ao xoves pareceríanos que xeraría máis consenso neste Pleno.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que con esta decisión unilateral que pretende impoñer hoxe o goberno municipal neste Pleno damos desgraciadamente un paso máis nese talante absolutamente antidemocrático que está demostrando este

gobierno municipal dende que ten unha maioría absoluta e nos ensina unha vez máis como non utilizar unha maioría absoluta.

Non contento con facer un regulamento que temos agora que restrinxen os dereitos dos cidadáns e dos grupos da oposición, agora de forma unilateral tamén cambian o día do Pleno e rompen un consenso histórico neste Concello, nesta cidade, onde os plenos foron acordados por tódolos grupos da oposición. Estivo moi ben o paripé que se fixo no anterior Pleno cando tamén se tratou este punto e a requirimento da oposición para poder negociar un día no que todos estivéramos de acordo o Presidente retirouno, pero simplemente como un xesto pero sen ningunha intención de cambiar en absoluto a proposta inicial.

Vostede pode falar dos eufemismos que queiran, falar de operatividade administrativa, xa se demostrou na intervención anterior que aos funcionarios non lles gusta o mércores como día de Pleno porque teñen que convocar o venres e é moi mal día para os funcionarios, polo tanto non é polos funcionarios polo que cambian o Pleno do luns, tampouco é para dar maior pedagogía política, que lle chamou vostede. Esas explicacións dende logo non convencen a ninguén, aquí hai unha clara intencionalidade política no cambio do día do Pleno, unha clara intención ao poñer o Pleno os mércores porque se todas esas razóns que dixo foran reais lle houbera dado o mesmo cando dialoga cos grupos da oposición, poñelo por exemplo o xoves, poñelo pola tarde, poñelo incluso un sábado aínda que non sexa hábil, pero non, o obxectivo era o mércores, e o obxectivo era claramente prexudicar ao grupo municipal do Partido Popular porque saben vostedes que no grupo municipal do Partido Popular hai dous concelleiros que están a traballar e defendendo os intereses de Vigo, que é o que vostedes non soportan, no Parlamento de Galicia e no Senado de España, e por iso, porque lles molesta que estean aquí e van intentar facer o posible para que non estean presenten nos plenos e por iso elixen os mércores e non hai ningún o outro motivo razoable nin razoado para ter cambiado unilateralmente o día do Pleno, porque eses mesmos argumento se poderían aplicar, se puxeron enriba da mesa outras datas, o propio grupo municipal de Marea estaba de acordo con cambialo ao xoves pero vostedes non, iso si hai que ter en conta os deputados provinciais, as Xunta de Goberno do propio Concello de Vigo, hai que ter en conta tamén cando o Sr. Alcalde se ausenta cada día máis para irse a Madrid a presidir a FEMP, todo iso hai que telo en conta e

falar dos grupos dos concelleiros da oposición iso non lles importa a vostedes, por que? Porque vostedes están preocupados, e a verdade é que estamos encantados con esta manobra que acaban de facer porque están demostrando o que xa se nota na rúa día a día, están moi preocupados porque o Partido Popular cada vez soben máis e vostedes cada vez baixan máis e teñen que buscarse manobras das que son do seu estilo, estas manobras torticeras para intentar debilitar á oposición do Partido Popular, pois mire non o van conseguir, porque estes sete concelleiros que están aquí valen dez veces máis que os dezasete que teñen vostedes que son incapaces de quitar adiante o goberno desta cidade, que teñen esta cidade nun estado lamentable, que non están no día a día dos problemas, que están máis pendentes doutro tipo de batallas, en definitiva que non están preto dos cidadás. O Partido Popular e estes concelleiros si están preto dos cidadás e lles digo, segan vostedes por ese camiño porque cada vez van a menos e cada vez lles quedan a vostedes un día menos para gobernar, acabará dentro de dous anos e medio.

SR. LÓPEZ FONT: Certamente lamentable, Sra. Muñoz, a verdade é que ó final o que ven vostede a propoñer é que este Pleno estea pendente da actividade do Estado e da comunidade autónoma, vostedes designan deputados e senadores a quen queren pero o que é evidente é que a Deputación de Pontevedra é inherente a este Concello, a Deputación, o seu traballo e os seus órganos de goberno depende da elección que se fixo en maio do ano pasado, e a verdade é que eu non lle vou entrar ao trazo en cuestións que di vostede porque paréceme que é de tan mal gusto o dicir que vostedes valen dez veces máis ca nós, sabe quen é o xuíz sobre iso, os cidadáns, vostede aterrou en xaneiro do 2015 nesta cidade como candidata e o seu grupo tiña 13 concelleiros e vostede levouna a sete concelleiros, esa é a realidade, e a realidade é que a candidatura que estamos aquí co Alcalde somos 17 concelleiros, e temos o 52% dos votos e iso é o importante. Mire, o de que vostedes van subindo a verdade é que fai moita gracia porque eu falo con moitos militantes do Partido Popular a propósito do congreso que tiveron vostedes que só tiña unha finalidade e era que o Sr. Núñez Feijóo tivera unha voz aquí que era a súa e que xa se está a demostrar e os militantes do Partido Popular din literalmente que o que están vostedes é baixando, vostedes non teñen contacto coa cidadanía, nós non estamos preocupados en absoluto, nós estamos a facer e

levando a cabo unha acción de goberno que só nun mes significa máis do que se fixo en moitos anos, e a que ten que estar preocupada é vostede Sra. Muñoz por unha sinxela razón porque cando ven ao Alcalde na rúa din “esa é unha persoa que nos defende e está nos problemas da rúa” e cando a ven a vostede, Sra. Muñoz, o que din é “aí vai a do non, a que sempre está en contra e a persoa que só defende os intereses da Xunta de Galicia” porque ao largo desta mañá Sra. Muñoz, imos demostrar o que vostede defende, para que foi elixida vostede presidenta do Partido Popular de Vigo, ímolo a demostrar moi claro.

Sen ir a outras cuestións de debate político esta é unha medida racional lóxica e a min me encantaría que en Valga que se reúnen ao marxe dos concelleiros da oposición, que en Redondela aplicasen estas maravillosas cousas que vostede di aquí.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta da Acaidía-Presidencia, de data 12.12.2016, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

3(3).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS

**ENTIDADES URBANÍSTICAS DE CONSERVACIÓN DO CONCELLO DE VIGO.
EXPTE. 5166/401 (REXISTRO PLENO 1491/1101).**

ANTECEDENTES: O día 29.11.2016 a técnica de administración xeral da Oficina de Planeamento e Xestión co conforme do xerente de Urbanismo informa:

“Visto o proxecto de ordenanza municipal reguladora das Entidades urbanísticas de conservación do Concello de Vigo, redactado pola oficina de planeamento e xestión da Xerencia municipal de urbanismo, a instancia da súa Vicepresidencia, en orden a regular o réxime de asunción das obrigacións de mantemento e conservación das obras de urbanización, así como a súa duración, co contido, forma e prazos que nesta se sinalan, emítase o seguinte informe con proposta de acordo,

I.- Antecedentes e Feitos

I.1.- Mediante resolución da Vicepresidencia da Xerencia municipal de urbanismo de data 20.05.2016 encomendouse á oficina de Planeamento e xestión a redacción dunha ordenanza municipal reguladora das Entidades urbanísticas de conservación.

I.2.- Neste senso, e tal e como se reflicte na exposición de motivos do proxecto de ordenanza que nos ocupa, ao que nos remitimos na súa integridade por mor das necesarias concisión e brevidade, ante a “ausencia” de previsións temporais na lexislación e no planeamento vixente, faise necesario completar a regulación aplicable ás entidades urbanísticas de conservación existentes e que se constituán nun futuro no termo municipal de Vigo, non so nun aspecto estritamente temporal senón coa intención de resolver os problemas diarios que estas amosan.

Trala anulación polo Tribunal Supremo das ordes aprobatorias do Plan xeral de ordenación urbana de Vigo do 16 de maio de 2008 e do 13 de xullo de 2009 (Sentenza ditada en data 10.11.2015, recurso de casación núm. 1658/2014), recobrou vixencia o PXOU de 1993, nomeado de “Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU á Lei 11/1985, do 22 de abril, de adaptación da do Solo de Galicia” aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia con data 29.04.1993, que, no que aquí nos ocupa, contén unha parca regulación destas entidades, unicamente dispendo no artigo 3.2.3.5 baixo o epígrafe “*Normas de contido mínimo das diferentes figuras de planeamento*” apartado b) in fine que “*De conformidade co disposto nos artigos 25.3 e 68 do RX constituíranse entidades de conservación para as zonas verdes de nova creación, bardante as que teñan a consideración de sistemas xerais*”.

Xa que logo, axuizada a realidade das Entidades urbanísticas de conservación constituídas neste termo municipal e vista a parca regulación de aplicación, considerouse necesario completar o marco normativo existente, co obxectivo de regular o réxime de asunción das súas obrigacións de mantemento e conservación, así como a súa duración.

I.3.- Sentada a imperativa necesidade de elaboración e aprobación da presente ordenanza reguladora das entidades urbanísticas de conservación do Concello de Vigo, o proxecto foi sometido a estudo e ás achegas dos técnicos da área de planeamento e xestión, así como dos técnicos do servizo de proxectos e infraestruturas desta XMU, e unha vez culminado ese proceso foi elaborado un proxecto que neste intre se somete a aprobación inicial.

I.4.- O texto do proxecto de ordenanza é sobre o que versa o presente informe; facendo constar, xa neste intre, que do mesmo non se desprenden cuestións que determinen un incremento do gasto público.

II.- Normativa examinada

- Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993, nomeado de “Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia”, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia con data 29/04/1993 (DOG 10/05/1993),
- Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e Rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia ,
- RPU (R.D 2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de planeamento urbanístico),
- RXU (R.D 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística),
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local), coas súas diversas modificacións.
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- A Lei 28/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- O Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,
- Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data 06.09.2010 (BOP núm. 193 do 6/10/2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

III.- Dereito/ Fundamentación Xurídica

III.1- O principio de participación cidadá é un dos principios fundamentais do noso ordenamento xurídico, tal e como consagran os artigos 9.2 e 105 a) da Constitución Española.

O Regulamento de xestión urbanística, aprobado polo Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto- en diante RXU- (en vigor no momento de redacción da presente

ordenanza) regula o Deber de conservación nos artigos 67 a 70; Pola súa banda, o artigo 25.3 do mesmo corpo legal establece a obrigatoriedade de constitución dunha entidade urbanística de conservación sempre que o deber de conservación das obras de urbanización recaia sobre os propietarios comprendidos nun polígono ou unidade de actuación en virtude das determinacións do plan de ordenación ou bases do programa de actuación urbanística ou resulte expresamente de disposicións legais sendo neste casos a pertenza á entidade obrigatoria para todos os propietarios comprendidos no seu ámbito territorial.

A vixente Lei do solo de Galicia, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, (LSG) adica o Título IV á execución dos instrumentos de planeamento urbanístico. Asemade, o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (DOG núm. 213, do 9 de novembro de 2016), cuxa entrada en vigor se producirá ao mes desta publicación, adica o Título IV baixo a mesma rúbrica á execución do planeamento urbanístico.

III.2.- A presente ordenanza municipal define, a teor do disposto no RXU, na LSG e demais normativa aplicable, o réxime de asunción das obrigacións de mantemento e conservación das obras de urbanización así como a súa duración, aplicable ás Entidades urbanísticas de conservación independentemente de que se constituísen con anterioridade ou posterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza.

III-3.- En consonancia co disposto nos artigos 2 e 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante LBRL), -modificada na súa redacción polas Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei 57/2003, do 16 de decembro, e máis recentemente pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local-, o artigo 25.1 do mesmo corpo legal, dispón que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos que neste precepto se prevén; e, segundo a alínea 2.a) do devandito art. 25, o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia tales como planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

III.4- Ao abeiro do pautado no artigo 4.1. a) da LBRL e 6.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia, que recoñecen potestade regulamentaria e de autorganización aos municipios, este Concello na súa calidade de administración pública de carácter territorial e sempre dentro do ámbito das súas competencias, vai regular a través da presente ordenanza, o réxime de asunción das obrigacións das entidades urbanísticas de conservación así como a súa duración.

III.5- A presente ordenanza se xestiona, como exercicio dunha competencia propia, polo que se estima que a súa aprobación non vai a afectar ao custo efectivo dos servizos que se prestan nin aos obxectivos de estabilidade financeira e sostibilidade orzamentaria, consonte coas esixencias previstas na Lei orgánica

2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e vixente lexislación de réxime local. Todo isto, sen prexuízo de que poida someterse o expediente á Intervención xeral municipal para a emisión do informe que proceda a estes efectos.

III.6- As ordenanzas participan da natureza de disposicións administrativas de carácter xeral, instrumento normativo suxeito a un procedemento formal de tramitación, regulado no artigo 49 e 70.2 da LRBRL e no artigo 56 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

O Título X da LRBRL, engadido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, establece un réxime de organización propio para os municipios de gran poboación.

Asemade é de aplicación o Regulamento orgánico regulador do Pleno do Concello de Vigo (BOP núm. 114 do 15.06.2016).

Xa que logo, a tramitación e aprobación das ordenanzas locais, axustase ao disposto no artigo 49 da LRBRL, co seguinte “iter procedimental”:

a) Aprobación inicial polo Pleno, por maioría simple (consonte co artigo 123.1d) da LRBRL).

b) Información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de trinta días, para que poidan achegar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

c) Concluído o período de información pública, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo, con incorporación ao texto das modificacións subsecuentes e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de non se presentar reclamación ou suxestións algunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

d) O acordo de aprobación definitiva da ordenanza, co texto íntegro da mesma, deberá publicarse para o seu xeral coñecemento no “Taboleiro de Edictos” do Concello, na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org> e no “Boletín Oficial” da provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da LRBRL.

e) Transcurso do prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL, isto é, quince días hábiles contados a partir da recepción da comunicación do acordo pola Administración do Estado e pola Comunidade Autónoma.

III.7- Consonte ao artigo 127 da LRBRL correspóndelle á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e das súas comisións. Neste mesmo senso maniféstanse o Regulamento orgánico do Pleno municipal amentado con anterioridade, polo que o proxecto da presente ordenanza, será sometido á aprobación da Xunta de Goberno Local por proposta do Consello da

xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos Estatutos desta, con carácter previo á aprobación inicial polo Pleno.

De seguido a funcionaria informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data 2 de decembro de 2016, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: O obxectivo desta Ordenanza é regular o réxime das obrigas de mantemento e conservación das obras de urbanización así como a súa duración, de tal xeito que o motivo e a ausencia de previsións temporais na lexislación e no planeamento hoxe vixente, polo tanto, é necesario completar a regulación aplicable ás entidades urbanísticas de conservación, existentes e futuras e resolver os problemas do día a día, en particular a asunción das obrigas de mantemento e conservación e a súa duración, o percorrido desta ordenanza logo da aprobación inicial por este Pleno, será un proceso de información pública e audiencia aos interesados por un período mínimo de 30 días e logo resolver as alegacións, de producirse, de xeito que se poda establecer a aprobación definitiva co texto de definitivo logo de incorporar as cuestións que poidan aparecer durante ese proceso de información pública, esta ordenanza foi elaborada polos servizos de planeamento e infraestruturas da Xerencia de Urbanismo polo tanto cun traballo interno e ten como obxectivo fundamental resolver un problema que xa temos detectado a día de hoxe, como dicía, fundamentalmente pola ausencia na lexislación que hoxe aplicamos dunha previsión temporal e unha regulación sobre este tipo de entidades.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estando de acordo con que exista esta ordenanza, de feito votamos afirmativamente neste aspecto na Xerencia de Urbanismo, algunha cuestión que nos preocupa, se é certo que a anulación do Plan Xeral pode establecer un limbo en todas estas entidades de débito público ou entidades que

comportan dereitos de particulares sobre todo despois de feito os ámbitos urbanísticos e sobre todo o que ten de mantemento algunhas zonas, eu creo que todos miramos para certos barrios desta cidade como pode ser o caso de Coia onde existen estas realidades que se poden postergar no tempo pola inexistencia dun plan, si que é certo que nos preocupa que no proxecto esteamos artellando unha ordenanza dando por feito que imos estar moito tempo co plan do 93 e entendemos que esta ordenanza ten que ver e o di así o informe co proceso de anulación do Plano do 2008 e como figura no informe, aparca a regulación destas entidades se non temos como referencia un planeamento actualizado. Polo tanto, se que nos gustaría que se tome como temporal ou polo menos que se intente poñer enriba da mesa que se vai adaptar ao futuro plan que esperemos que esta Corporación aprobe máis pronto que tarde, e que figure xa dunha maneira ordenada e que esta regulación non digo que perda vixencia, que esta ordenanza pode ser incluso un complemento do que poñamos no Planeamento pero si que non se entenda, polo menos nós entendemos aquí e é que damos por boa a asistencia do Plan do 93, poñamos unha ordenanza e vivamos co Plan do 93 metendo poucos ou moitos parches, polo tanto si que pedimos unha aclaración en base a se se vai poñer enriba da mesa polo menos un horizonte temporal para que estas cuestións se incorporen ao futuro Plan Xeral e non esteamos xogando, como digo, con parches sobre o Plan do ano 93.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Efectivamente traen hoxe a aprobación inicial do Pleno este proxecto de Ordenanza Reguladora das Entidades Urbanísticas de Conservación, un proxecto de ordenanza que é absolutamente e radicalmente ilegal no contido e na tramitación, Sra. Caride e sábeo, totalmente ilegal. No contido porque a regra xeral imposta na Lei do solo de Galicia é que as obras de conservación dos procesos urbanizadores deben ser asumidos polo Concello e só excepcionalmente poderán ser impostos aos propietarios do ámbito, así o di a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 96 “execución e conservación de obras de urbanización”, parágrafo sexto, “a conservación da urbanización corresponderá ao concello, o planeamento urbanístico poderá prever a obrigação dos propietarios dos solares resultantes da execución da urbanización, de constituírse en entidades urbanísticas de conservación, correspondendo neste caso a conservación da

urbanización a esa entidade polo prazo que sinale o Plan”, aí está señora concelleira, vostede sabe perfectamente que a lei di que o prazo será o que fixe a lei ou o Plan, o prazo nunca se pode introducir vía ordenanza e é certo que o plan do 93 non fixa ningún prazo e iso foi problemático nalgúns casos, non en Vigo, ao menos de momento, e é certo tamén que o Plan de 2008 fixaba un prazo de 5 anos, pero Sra. Caride o prazo non pode introducirse vía ordenanza, terá que ser a través do novo Plan Xeral ou dunha lei.

Ademais a redacción do texto que hoxe traen aquí nin sequera respecta o marco xurídico actual porque non se ten en conta o regulamento da Lei do Solo en vigor, dende o pasado 9 de decembro do 2016, que nos seus artigo 232 e 233, entre outros, xa regula as entidades urbanística de conservación. Vostedes fan referencia ao Regulamento estatal de xestión urbanística de 1978, cuxa aplicación foi xa despraza en Galicia dende a entrada en vigor deste regulamento, vaia despropósito Sra. Caride.

E para rematar co fondo, esta ordenanza tamén excede os límites que lle marca a lei, porque, un, nin se regulan os contidos mínimos dos estatutos, nin, dous, se regula os requisitos para a súa constitución e inscrición no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras, xusto o que tiña que regularse vía ordenanza non se regula, e, dous, esta ordenanza o que pretende é implantar a obriga xeral de que os propietarios, moitos deles pequenos propietarios, de todas estas áreas de reparto presentes e futuras, asuman os gastos de conservación da urbanización, incluso prevese que con carácter indefinido, o que terá un impacto significativo na actividade económica destes pequenos propietarios, por exemplo, esas urbanizacións que hai en Coia para o futuro.

E dicía tamén que era ilegal dende o punto de vista da tramitación porque é vergoñento que nada menos que o Presidente da FEMP, se salte o trámite de consultas previas que obriga a Lei 39/2015, que obriga a consultas previas, audiencia e información pública, vaia exemplo Sr. Abel Caballero, isto é o que pasa por non ter Plan Xeral, vostedes que son responsables, os únicos responsables de terse cargado o urbanismo da cidade para décadas, en materia de urbanismo seguen igual, esperamos por un Plan Xeral pero seguen dando tombos con parches e paus de cego.

Hai dez anos vostedes utilizaron o urbanismo da cidade, torticeramente,

manipulando con mentiras para levantarse ao goberno municipal, é certo, esa campaña deulle resultado, quitaron nove concelleiros que xunto cos 5 do Bloque Nacionalista Galego lles serviron para desbancar ao goberno do Partido Popular na cidade de Vigo, agora que están no goberno e que levan case dez anos demostrase que todo aquilo era unha farsa, unha pura mentira, que mágoa, que patético.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu estou de acordo con vostede, que mágoa, que patético, certamente Sr. Fidalgo, non sei quen lle escribiu a súa intervención, lamentablemente creo que non a escribiu vostede porque se a escribiu vostede entón que mágoa porque está vostede absolutamente errado, que significa iso de que de repente imos facer que todos aqueles propietarios de urbanizacións van correr cos custes que ten que facerse cargo o Concello, a ver, lea vostede ben, regula as entidades urbanísticas de conservación, existentes ou futuras, polo tanto, as entidades urbanísticas de conservación, non hai que meterlle medo no corpo a ninguén. Polo tanto, esas entidades a día de hoxe como ben sabe, decaído o plan de 2008 non teñen prazo de vixencia e polo tanto indefinidamente deben asumir uns custes que transcorrido certo prazo lóxico e razoable, deben ser asumidos por tódolos vigueses/as porque tódolos vigueses/as gozamos deses entornos, polo tanto, única e exclusivamente neses casos se establecen cales son as súas obrigas porque hoxe hai un baleiro legal e cales son o tempo de duración que teñen que continuar con eses traballos, nada que teña que ver con ningunha dúbida, nada que teña que ver con ningunha ilegalidade, nada que teña que ver con ningún incumprimento dunha regulación, claro, tamén é certo que cando se aproba por parte do Consello da Xerencia de Urbanismo esta ordenanza, o Regulamento da Lei do solo non estaba publicado, como vivimos neste constante fluxo de novas normas ao longo do ano pois certamente é verdade que esta hiperinflación de normas urbanísticas está a converter isto nun unha situación un tanto éstrana, claro aparece unha lei, como esa lei ten erros aparece outra lei, como esas leis non se entenden o que di, aparece un regulamento que vai moito máis alá que o que din esas leis pero como o lio segue existindo, aparece unha lei de acompañamento dos orzamentos que tamén incorpora cuestión urbanísticas, é dicir, nun ano xa levamos tres leis e un regulamento, é unha situación bastante

caótica cando menos, responsabilidade do Partido Popular que é o que promove esas leis no Parlamento de Galicia, verdade? Polo tanto, temor sobre o que vai acontecer? Ningún, todas as cuestións que queiran presentar os que queiran alegar teñen 30 días para poder alegar e polo tanto ausencia de transparencia ningunha e iso si, a situación é claramente transitoria porque sabemos que só vai regular esta situación ata que teñamos un novo plan, pero indubidablemente esa situación transitoria tamén hai que regulala, non pode vivir nun limbo, polo tanto coa maior présa elaboraremos ese plan pero obviamente os problemas das persoas que hoxe xa temos detectados hai que intentar solventalos, por iso facemos esta ordenanza e propoñemos que nos apoie nesta aprobación inicial.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á “Ordenanza municipal reguladora das entidades urbanísticas de conservación do Concello de Vigo”, cuxo texto se achega ao presente acordo.

Segundo.- Dispoñer que o texto íntegro da presente ordenanza á que neste intre se presta aprobación inicial, sexa sometido á información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días aos efectos de que se poidan presentar reclamacións e/ou suxestións, mediante anuncio que se inserirá no “Boletín Oficial”

da provincia, no “Taboleiro de Edictos” do Concello, e na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org>.

Terceiro.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da corporación, de ser o caso, ou elevado a definitivo o acordo inicial, de non se formular alegacións, procederá á publicación do texto integro da presente ordenanza, no “Boletín Oficial” da provincia, sen que entre en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación, de conformidade co previsto no art. 70.2 da LBRL e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 do mesmo corpo legal.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero e singularmente do asasinato dunha dona este fin de semana no Carballiño.

MOCIÓNS:

4(4).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A IMPULSAR E PRIORIZAR A REESTRUTURACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE NAVIA, A FIN DE PRESTAR O MELLOR SERVIZO POSIBLE. REXISTRO PLENO 1499/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xaneiro de 2017, número 1499/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Piñeiro López, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Centro de Saúde de Navia tense configurado nos últimos tempos como unha infraestrutura sanitaria de primeira orde, sendo un dos máis amplos e modernos da área sanitaria de Vigo. O Centro conta nestes momentos con 6 facultativos

asignados a súa atención, na procura de cubrir, do modo máis axeitado posible, a demanda dun barrio mozo e en constante crecemento.

Esta decidida aposta da Xunta de Galicia polo Centro de Saúde enmárcase no compromiso cun barrio no que residen xa máis de 5.000 familias, e para o que a administración autonómica ten iniciado os trámites para a súa ampliación coa construción de 1.600 novas vivendas que estarán rematadas, se o Concello cumpre a súa parte, para o 2018.

Un crecemento polo que precisamente faise necesario un estudo para a ampliación do horario do mencionado centro, na procura de adaptar os recursos humanos ás necesidades de poboación a atender, favorecendo a súa accesibilidade.

Deste xeito, facilitaríase a tan necesaria conciliación da vida familiar e profesional dos veciños, ao tempo que se melloraría o servizo dun centro que presenta unha das medias máis altas de número de pacientes por doutor. Non en van, o complexo non só limita o seu radio de acción ao propio PAU de Navia, senón que atende a moitas persoas de San Andrés de Comesaña, de Bouzas ou de Alcabre, que apostan por unha das infraestruturas máis amplas e modernas da cidade.

Por este motivo, compre impulsar a apertura do Centro de Saúde de Navia en horario de tarde, adaptando os recursos humanos ás necesidades de poboación. Unha actuación que outorgaría aos veciños unha mellora na accesibilidade aos servizos no punto máis próximo ao seu lugar de residencia.

Neste contexto, o traballo que está a realizar o Sergas na reordenación dos centros de saúde da área de Vigo, na procura de adaptarse aos cambios e necesidades propias do dinamismo social e demográfico da cidade e do seu entorno, supón unha ocasión inmejorable para atender esta proposta en función da demanda existente e a estimada.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a impulsar e priorizar, no menor tempo posible, a reestruturación do Centro de Saúde de Navia, habilitando as medidas necesarias para prestar o mellor servizo posible.”

DEBATE:

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: O Centro de Saúde de Navia converteuse nunha infraestrutura de primeiro nivel nesta cidade, deseñado como un dos máis amplos e modernos da área sanitaria de Vigo. O centro conta con seis facultativos cos seus respectivos

cupos, que tratan de dar servizo á demanda dun barrio en constante crecemento e cunha poboación maioritariamente moza. A aposta da Xunta de Galicia por este centro de saúde é o compromiso adquireo cun barrio no que residen máis de 5.000 familias, súmanse ademais que dende a Xunta de Galicia se iniciaron os trámites para a construción de 1.600 novas vivendas que estarán finalizadas, se se cumpren os prazos por parte do Concello, para o ano 2018. O Centro de Saúde presta servizo a pacientes non só de Navia senón dos barrios de Alcabre, San Andrés de Comesaña e Bouzas, e trátase dun dos centros de atención primaria con máis pacientes por médico de Vigo.

Navia é un barrio en constante crecemento e que leva tempo demandando mellorar a accesibilidade e as prestacións do seu centro de saúde e neste sentido é necesario impulsar á maior brevidade posible a apertura do centro de saúde tamén en horario de tarde e dotar ao mesmo dos recursos humanos e estruturais necesarios para atender a ampla demanda que xera Navia e os seus barrios colindantes.

A apertura polas tardes ademais facilitaría a conciliación da vida familiar e profesional de tódolos veciños, neste contexto o SERGAS está a traballar na reordenación dos centros de saúde da área de Vigo para adaptarse aos cambios e necesidades dunha cidade dinámica no social e demográfico, isto supón unha gran oportunidade para integrar esta proposta, para dotar ao centro de saúde das necesidades actuais e futuras da zona de maior crecemento da cidade.

Por todo isto propoñemos ao Pleno, instar á Xunta de Galicia a impulsar e priorizar á maior brevidade a reestruturación do Centro de Saúde de Navia ampliando o seu horario o dotándoo dos recursos necesarios para prestar o mellor servizo posible.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Menos mal, Sr. Piñeiro, que comeza a preocuparse pola situación da sanidade no noso país e no que a vostede lle corresponde na cidade de Vigo, máis aínda que na Marea de Vigo estamos de acordo co que vostede propón non lle imos votar a favor e non podemos votar a favor porque nos parece un acto de cinismo por parte do Partido Popular, de vostede non, porque está dentro e sabe ben o que se coce, xusto agora que a presión social faise máis patente é cando o Partido Popular quere dar esmola á sanidade da nosa cidade, neste caso ao Centro de Saúde de Navia, dar esmola porque non se pode chamar

doutra forma.

Un centro de saúde previsto para 30.000 persoas que estivo infrautilizado durante oito anos que vostedes tiveron tempo de facer o que quixeran.

Foi concedido para ter 24 médicos de familia en quendas de mañá e de tarde, cos profesionais de enfermería e de pediatría correspondentes, ademais dos profesionais de función administrativa, dos técnicos en coidados auxiliares de enfermería, hixienistas, dentais, odontólogos, fisioterapeutas e matronas en función do número de pacientes adscritos ao centro. Pero a realidade é ben diferente, actualmente conta con seis profesionais de medicina de familia, contando xa coa última incorporación, que agás un xa teñen os cupos pechados e sobrecargados. Estes seis profesionais con cupos axeitados de 1.250 pacientes, só poderán atender a 7.500 pacientes e os dous pediatras con cupos de 900, só poderán atender a 1.800 nenos/as, as cifras xa son insuficientes para atender á poboación censada nunha soa das rúas do barrio de Navia, a rúa Teixugueiras, que ten 9.000 persoas cesadas das que 3.000 son menores de 15 anos. Esta situación obriga a moitas das persoas que trasladan a súa residencia a Navia a manterse no seu centro de saúde de orixe, co conseguente trastorno que supón para acceder á asistencia, especialmente nos nenos menores de 3 anos que teñen frecuentes controis de saúde.

Na actualidade o Centro de Saúde de Navia xa ten unha importante lista de agarda para cambiar de médico de familia e polas características da súa poboación esta necesidade de cambio está ligada ao importante número de nenos/as menores de 3 anos que precisan pediatra preto das súas casas.

O incremento ten que ser progresivo, pero para cubrir as necesidades actuais e do inmediato futuro xa precisamos cando menos catro médicos de familia, dous pediatras, e seis enfermeiras máis, ademais do persoal administrativo e do resto das especialidades correspondentes.

Señores do Partido Popular, onde está o Centro de Saúde de Bouzas, cando estaban xa os terreos adquiridos e só fallaba licitar o proxecto? Por que cederon o edificio de Coia a ASPANAEX, por que o Centro de Saúde de López Mora está nunhas condicións vergoñentas, e aínda con todo isto non se pode dicir que o problema que realmente importa sexan os edificios ou a falla de espazo, senón que a causa da situación na que nos atopamos son os recortes das prazas das/dos

profesionais que estaba previsto crear no plan de mellora de atención primaria, tiveron vostedes tempo de sobra para arranxar estas deficiencias, non nos queiran enganar agora con propaganda enganosa que xa ninguén cree.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En primeiro lugar eu quería dicir que é posible que eu non vala tanto como todos e cada un dos que conforman a lista do Partido Popular, pero do que si estou inmensamente orgulloso é de pertencer a un goberno que ten o maior apoio electoral coñecido na historia de Vigo e que ten a maior lexitimación social, dende o respecto que eu lles teño e concretamente ao Sr. Piñeiro, permítanme responder á proposta que fai vostede neste Pleno en relación co centro de Navia.

Antes de nada quero dicirlle que este grupo, o Partido Socialista, vai votar a favor da proposta e solicitamos, da boa vontade de vostedes para que apoien a emenda de engadido que ten a proposta formulada polo noso grupo que realmente matiza e pon en tempo a proposta de vostedes porque parécenos demasiado ambigua e cando realmente necesita dun impulso o desenvolvemento do Centro de Navia e por suposto que xa deixemos de utilizar do que é o centro para que realmente se poida situar unha unidade funcional en horario de tarde de acordo cos criterios.

Eu creo que non estou de acordo Sr. Piñeiro, co proceso de reordenación da área sanitaria no ámbito primario estea levando a unha situación favorable da atención primaria, permítame que con todo o respecto lle lea un parágrafo dun artigo que aparecía hai pouco nun xornal de gran tirada en Galicia que di textualmente “o pasado 20 decembro acudía ao centro de saúde a pedir cita co meu médico de cabeceira, para este ano non, respondeume a amable funcionaria tras consultar o ordenador, para este ano non? Se refire, preguntou incrédulo, aos once días que quedaban de decembro do 2016?. Así es, respondeu ela, resignado retirei a miña cita para o 3 de xaneiro do 2017, dúas semanas mais tarde e sen acritude, con tranquilidade, como quen fai unha observación trivial, como quen describe sen paixón calquera obxecto dixen, isto é un cachondeo, a funcionaria levantou, miroume e contestou, o é” esta é a expresión non anecdótica, da realidade maioritaria do que sucede na atención primaria actualmente en Vigo.

Lonxe de ter mellorado nos últimos anos as listas de espera aumentaron, as infraestruturas non están desenvolvidas, e aquelas que estaban comprometidas

non se desenvolveron.

Polo tanto, máis ala da boa vontade que temos en apoiar esta medida polo ben da poboación de Navia, dos sanitarios e profesionais, nós pedimos non só que se apliquen estas medidas de mellora que vostede e nós propoñemos nesta moción senón que realmente se desenvolva todo o plan que se propuxera de centro de saúde, por exemplo en Bouzas que non se quixeron vostedes desenvolver como estaba previsto.

Non esquecemos que a atención primaria foi a gran sacrificada na política de recortes ideolóxicos do Partido Popular ao longo destes últimos catro anos, isto levou a deslexitimación en gran parte do que é un dos piares fundamentais da sanidade do Estado, da sanidade pública e da sanidade da cal todos estamos orgullosos.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Que mágoa Sra. López, que non voten a favor, parece triste que despois de todo o que acaban de narrar, da necesidade que teñen, non só o centro de saúde, como a atención primaria, estou de acordo que necesitamos mellorar aínda en moitos procesos, non sexan capaces de apoiar unha moción que é totalmente en positivo, non é esmola é xustiza, está claro, a demanda é xusta, eu o que non podo entender é que non se sumen a unha moción como esta, pero supoño que lles interesa máis embarrar o debate e entrar en política, etc.

Imos aceptar a súa emenda, parécenos razoable poñer prazos en canto á reordenación da área sanitaria, nesta cidade estase a traballar moito, queda moito por facer pero estase a traballar moito e a Xunta de Galicia está apostando por esta cidade. Centro de Saúde de Navia, temos que entre todos darlle un impulso, dar maior servizo e evidentemente temos que mellorar as listas de espera, pero iso faise con traballo e sen embarrar o debate, así que pola nosa parte agradecemos o apoio.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, presente a seguinte emenda de engádeda:

“Instar á Xunta de Galicia a impulsar o desenvolvemento completo no prazo de 6 meses do Centro de Saúde de Navia, coa posta en funcionamento no horario de

tarde e adecuando os recursos profesionais e equipamentos ás necesidades asistenciais da poboación total de Navia e a súa área de influencia.”

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Piñeiro López, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

(No momento da votación atópase ausente a concelleira e 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN DA EMENDA: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, acórdase incorporar a emenda ao texto da moción.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.01.2017 (Rex. Nº 1499/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Piñeiro López, co seguinte texto:

Instar á Xunta de Galicia a impulsar o desenvolvemento completo no prazo de 6 meses do Centro de Saúde de Navia, coa posta en funcionamento no horario de tarde e adecuando os recursos profesionais e equipamentos ás necesidades asistenciais da poboación total de Navia e a súa área de influencia.”

5(5).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE INSCRIBA Á ÁREA METROPOLITANA DE VIGO NO REXISTRO DE ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA E QUE AUTORICE A ACUMULACIÓN DE FUNCIONS NOS FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL QUE PROPUXERON. REXISTRO PLENO 1495/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xaneiro de 2017, número 1495/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

Como consecuencia da constitución do Área Metropolitana de Vigo e da elección do seu Presidente, o pasado 1 de decembro de 2.016, procedeuse á comunicación formal da mesma á Xunta de Galicia aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Entidades Locais.

Por Resolución da Xunta de Galicia, en base o informe emitido pola Xefa de Servizo de Xestión e Réxime Xurídico dous FHN, de data 30 de decembro de 2.016 inadmítese a inscrición así como a acumulación de funcións en funcionarios de habilitación nacional para desempeñar as funcións de Secretaría Xeral do Pleno, de Intervención Xeral e de Tesourería.

Trátase dunha Resolución de carácter político e sobran os argumentos xurídicos para entender que non se axusta a dereito dado que de acordo cunha Sentenza do Tribunal Supremo, que ratifica unha do T.S.X. de Galicia, á Xunta de Galicia debe imperativamente practicar a inscrición dado que únicamente correspóndelle a mera constancia ou toma de razón.

É unha estratexia máis, dentro da utilización partidista da Xunta de Galicia, para rebentar o Área Metropolitana de Vigo.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a que inscriba o área Metropolitana de Vigo no Rexistro de Entidades Locais de Galicia (RELGA) e que autorice a acumulación de funcións nos funcionarios de habilitación nacional que se propuxeron."

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Presentamos un conxunto de mocións sobre a resposta que está a dar a Xunta de Galicia a todo o relacionado coa Área Metropolitana, a non inscrición da Área Metropolitana é unhas das maiores tropelías xurídicas que se produciu ultimamente, a Área Metropolitana de Vigo foi declarada constituída polo Sr. Grandal presidente da Mesa de Idade e Alcalde de Salvaterra, inclusive na prensa hai testemuña gráfica disto que estou afirmando incluída a afirmación do Alcalde de Redondela e da Alcaldesa de Mos que así o manifestaban que estaba constituída.

Hai que lembrar que ninguén pon ningunha obxección antes de comezar a sesión, a sesión é convocada en prazo e todos recoñecen que debería terse convocado, todos asumen convocatoria, todos, os 51 concelleiros metropolitanos que estábamos alí optamos por prometer ou xurar, a Área Metropolitana polo tanto queda constituída de acordo coa orde do día. Dentro do que é unha manobra política evidentemente de rebentar a Área Metropolitana, algúns quitan o debate indebido sobre o transporte metropolitana e digo indebido porque non estaba na orde do día, e a partires de aí primeiro prodúcese un receso para que o presidente da Mesa de Idade recabe instrucións de Santiago de Compostela e do Sr. Rueda e posteriormente un abandono que é absolutamente inédito, teranse producido en torno a 80.000 sesións de constitución de entes locais e en ningún, ao longo de 30 anos, pasou o que aquí aconteceu.

Permanecemos cumprindo a orde do día, 29 concelleiros metropolitanos de 51, entre os que está o Alcalde de Cangas, o de Fornelos, a de Moaña que posteriormente tense que ausentar, o Alcalde de Nigrán, a de O Porriño, o Alcalde

de Salceda de Caselas, o Alcalde de Vigo, o de Gondomar e a Presidenta da Deputación de Pontevedra e correspondentes a oito formacións políticas co cal só unha formación política abandona, a partires de aí o presidente elixido legalmente está obrigada á inscrición da Área Metropolitana no prazo dun mes, e aquí é onde se produce a tropelía xurídica á que mencionaba anteriormente, en base a un informe dunha xefa de servizo que se converte en xuíz e parte, dise que non corresponde a inscrición, nunha función que non lle corresponde a esa funcionaria porque trátase dunha decisión política e trátase claramente como dicimos no noso recurso de alzada dun exceso de poder, e digo dun exceso de poder porque houbo a omisión do trámite de audiencia e porque algo peor, o que se invocaba de que non estaba o Concello de Vigo integrado no transporte metropolitano, é absolutamente falso ata o punto de que o Consello Consultivo no seu segundo informe recoñece explicitamente que o Concello de Vigo esta integrado no transporte metropolitano, a única función da Xunta de Galicia como se di nunha sentenza do Tribunal Supremo, é a toma de razón e é a toma de razón e ten imperativamente que rexistrar a inscrición da Área Metropolitana.

Polo tanto, isto como dicía antes é unha manobra política do Sr. Feijóo e do Sr. Rueda para rebentar a Área Metropolitana.

Complementariamente a isto e para o bo funcionamento da Área Metropolitana prodúcese outra situación absolutamente indignante e que vai na nosa moción e é a denegación de nomeamento dos funcionarios, porque se dita a acumulación non o nomeamento, non se pode invocar que non hai unha RPT, só se quere utilizar ese argumento como absolutamente peregrino para poñer paus ás rodas da Área Metropolitana. Os postos son necesarios e por iso a acumulación, polo tanto, estamos nunha situación política na que a Xunta de Galicia utilizando as institucións en beneficio das súas siglas e de intereses partidistas comete un claro exceso de poder, e aínda a Sra. Muñoz permitíase antes falar de antidemocrático, pero Sra. Muñoz a quen lle ten que pedir que a primeira lección de democracia é o respecto aos entes locais é ao Sr. Feijóo.

SR. PÉREZ CORREA: Certo que isto non é un Pleno monográfico pero é un Pleno case monográfico polo contido das mocións, eu creo que esta Corporación lle debe un Pleno longo, aberto, monográfico para explicarlle á cidadanía de Vigo a vergoña

política que estamos a facer e creo que colectivamente, entre outras cousas porque cando baixamos a intentar explicarlle á xente cales son os problemas de obxección, de entendemento de que é o convenio asinado entre o Concello de Vigo a a Xunta de Galicia, cando baixamos a explicarllo aquí a xente non se decata de nada, iso é responsabilidade nosa porque creo que colectivamente a veces dicimos o mesmo, eu teño visto declaracións do Alcalde de Vigo, do Partido Popular coincidentes na solución do problema do transporte urbano de Vigo a súa integración no transporte metropolitano polo tanto, a próxima vez fagamos un Pleno monográfico, de debate profundo e intentemos explicarlle á cidadanía o que pasa, porque non hai vontade política por constituír a Área Metropolitana de Vigo, non hai vontade política por parte do Partido Popular e por parte do Partido Socialista, polo Partido Socialista porque eu sei que ten un marrón enriba que se chama Vitrasa e que se chama acordos que existen neste Concello para a concesionaria e a maneira de tarifar e tamén por parte do Partido Popular porque vai ter en fronte un instrumento político moi importante que vai acabar seguramente coa maneira de entender as administracións públicas que ten o Partido Popular dende a Xunta de Galicia e non seu día tamén nas administracións provinciais como as deputacións. E polo tanto, temos que explicar enriba da mesa que queremos facer, porque se unha cousa tan absolutamente sinxela como inscribir a Área Metropolitana nun rexistro que nin sequera é o rexistro máis complexo da administración que é un rexistro case nominal, que non é un rexistro industrial, non é un rexistro que esixa nada máis que presentar unha acta de constitución, se iso devenga nun informe de 16 páxinas, temos un problema político, é un problema de interpretación, para outras cousas si, pero aquí hai un problema político, ese escrito, esa notificación que nin sequera sei moi ben que é ese escrito que a Xunta de Galicia lle manda ao Concello de Vigo para xustificar que non se inscriba nun rexistro que é absolutamente sinxelo e que é certo que a Xunta de Galicia o único que fai é tomar nota, e que en todo caso a negativa ou non, corresponderá a un servizo xurídico da Xunta de Galicia, que dirá porque pode inscribirse ou non dentro dese rexistro que é a metade da información, non digo que sexa estadística, pero pouco menos é para ter constancia do número de poboación do marxe de actuación das entidades locais, un rexistro que dente o ano 1986 a nivel estatal faise sen ningún tipo de problema, aquí nos atopamos cun

documento de 11 páxinas que é un documento que efectivamente non pon en dúbida só o Pleno de constitución, senón que pon en dúbida todo o proceso anterior, que pon en dúbida incluso a min me parece dunha maneira curiosa con “lemos na prensa que”, eu espero que as administracións non remitan documentos a outras dicindo que leron nun medio de comunicación local que pasou isto ou pasou o outro porque a información nos medios moitas veces non é exclusivamente a información veraz que se da nos debates políticos e polo tanto, neste informe fanse aseveracións do que interpreta a administración autonómica que leu no Faro de Vigo, no Atlántico ou na La Voz de Galicia, ese documento non é serio.

Segundo, ou polo menos este grupo pensábamos que estaba meridianamente clara a primeira parte da constitución do Pleno da Área Metropolitana, a discusión segunda é unha discusión que xa dixemos, a cuestión exclusiva do transporte que se dirima nun tribunal, se somos incapaces politicamente neste Pleno e no Metropolitano de solventar a interpretación dun convenio que digo está mal asinado por parte deste Concello, porque non deixa clara as cuestións que teñen que ver co transporte urbano e logo falaremos diso, se non somos capaces de facer iso, pois, polo tanto, terá que ser un tribunal o que solvete a parte do transporte , neste caso estamos de acordo.

Pero entendíamos que estabamos todos de acordo que na constitución do Pleno e na presidencia do Pleno estábamos todos de acordo, porque o Partido Popular estaba nese momento nesa Mesa e o Partido Popular votou, e o Partido Popular naquela altura polo menos esa parte do Pleno non deberíamos ter ningunha dúbida política da constitución da Área Metropolitana, o problema é que a cousa máis sinxela que é metelo nun rexistro xa xera isto, polo tanto, teremos que facer algo, non sei se unha comisión de Pleno ou teremos incluso que clarexar xuridicamente esta notificación que chega da Xunta de Galicia se ten algún tipo de validez para impedir un rexistro dunha entidade despois dunha sesión constitutiva cunha acta, cun presidente de idade que era do Partido Popular e cunha votación na que participamos todos e cada un dos deputados/as metropolitanos dos partidos políticos diferentes.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que despois de ver as mocións que presentaron

dende o Partido Socialista relacionadas coa Área Metropolitana non facemos senón reafirmarnos na idea que xa teñen cada día máis vigueses de que a este goberno municipal, dende logo ao Partido Socialista e ao Alcalde de Vigo non lle interesa nada a Área Metropolitana, querer volver a facer outra escenificación, interésalle volver facer outra pantomima, igual que facer Xuntas de Goberno absolutamente baleiras de contido e que ao final aos cidadáns non lles serve absolutamente para nada porque ningunha das tres mocións que presentan vostedes aquí hoxe lles serve para nada aos vigueses/as porque non lles vai supoñer en ningún caso que se poidan beneficiar de mellores servizos e máis baratos e en particular o do transporte metropolitano, e polo tanto seguen vostedes nesa vía, nesa fuxida cara adiante que aos cidadáns cada día lles importa menos porque, insisto, vostede non teñen unha Área Metropolita para dar mellores servizos, o que queren é a Área Metropolitana para facer estas representacións porque nunca lle interesou a Área Metropolitana Sr. Alcalde, porque ao Partido Socialista nunca lle importou nada a Área Metropolitana e nunca traballou porque Vigo tivera unha Área Metropolitana, nin sequera a vostede, porque voulle dicir unha cousa que xa lle dixeran máis veces neste Pleno e é que os vigueses teñen memoria e ademais está na hemeroteca e vostede Sr. Alcalde non resiste a hemeroteca, non resiste un ollada a todas as cousas que dixo vostedes nos últimos anos e particularmente nos últimos meses en relación coa Área Metropolitana. Bandazos, cambios de opinión, agora si, agora non, en definitiva estivo vostede facendo un paripé continuo nos últimos meses e o peor é que os enganados foron os vigueses/as. Quero lembrar aquí o que pensaba o Partido Socialista no ano 2008, o 30 de xaneiro do 2008, que parecía unha premonición do Sr. Touriño, temos aquí a portada o Atlántico Diario onde o Sr. Touriño tachaba de chiringuito a Área Metropolitana que pide Vigo, isto é o que o Partido Socialista pensaba da Área Metropolitana que era un chiringuito e digo que foron unhas declaracións que ao final se tornaron premonitorias porque é verdade, porque estamos comprobando que para vostedes a Área Metropolitana só é un chiringuito ao seu servizo pero dende logo non ao servizo dos cidadáns e así fomos avanzando e se hai Área Metropolita de Vigo neste momento é gracias a que hai un partido que si que cría de verdade na Área Metropolitana, un partido que soubo recoller esa iniciativa veciñal, iniciativa popular por que non se esquezan que Área Metropolitana nace dun sentimento dos vigueses/as e que soubo recoller e ter

sensibilidade e apoiar a creación desa Área Metropolitana, cunha primeira lei no ano 2012 e cunha segunda lei no ano 2016, e é algo que lles doe a vostedes moito e ao Sr. Alcalde en particular que sexa gracias ao Sr. Feijóo e ao Partido Popular que Vigo ten a Área Metropolitana constituída por lei que dende logo está a altura das súas necesidades, e como vostede non quería porque non o soporta porque realmente non cre na área metropolitana, tiña que boicoteala, primeiro fíxonos pensar que estaba vostede a favor, si, e empezou vostede con esa película que nos montou que se podería chamar “a gran estafa” de facer ver que realmente apoiaba a Área Metropolitana, entón dixo que si que ía sumar ao convenio do transporte metropolitano cando os alcaldes lle pediron que iso era un requisito fundamental para poder quitar adiante a Lei da Área Metropolitana, e lles dixo que si, non só de palabra, asinouno con tódolos alcaldes, cos catorces alcaldes Sr. Caballero, eu lle agradecería que aínda que só fora por respecto miraba a esta voceira cando lle está falar, porque ademais lle está a ensinar cousas que vostede asinou e agora quere negar, asinou con tódolos alcaldes o compromiso da Área Metropolitana e despois volveu asinar vostede Sr. Alcalde o convenio coa Xunta de Galicia e se fixo a correspondente foto e todos eramos moi felices porque se desatascara e había consenso, pero aquí había catorce actores que estaban dicindo a verdade e un actor que estaba a mentir, agora se proba que estaba a mentir porque vostede a pesares destas declaracións e deste titular tan bonito nunca tivo a intención, nin a máis mínima intención de poñer en marcha unha Área Metropolitana ao servizo dos cidadás, só un Área Metropolitana ao servizo de vostede mesmo. Pero esta película, esta gran estafa na que vostede meteu a esta cidade terá continuidade, despois seguirei relatando outro dos episodios máis interesantes desta política. Só dicir dúas cousas en relación ao rexistro, se non se pode rexistrar e non se poden recoñecer habilitados que tampouco existen nin sequera a Deputación de Pontevedra.

SR. LÓPEZ FONT: Sabe Sra. Muñoz para que presentamos estas mocións? Para desenmascarala a vostede e ao Partido Popular, porque é absolutamente falso que vostedes haxan traído a Área Metropolitana a esta cidade e ao conxunto de concellos, ao contrario, pero como pode ter a vergoña de mencionar a Lei de 2012, cando vostedes nunha emenda de última hora van en contra do que lle

corresponde á cidade de Vigo, e vostede é concelleira do Partido Popular e voceira, estas mocións as desenmascaran a vostede, a colocan a vostede no que é hoxe única e exclusivamente a voz do Sr. Feijóo, que practica un antiviguismo porque aquí imos falar claro en relación coa Área Metropolitana e tamén me refiro a Marea de Vigo, os únicos que creen na Área Metropolitana é o Partido Socialista, este goberno e o Alcalde de Vigo, e sabe unha cousa Sra. Muñoz, por moito que se ria? A Área Metropolitana a trouxeron os cidadáns en maio de 2015, cando vostede pasou de trece concelleiros a sete concelleiros, cando o 52% dos vigueses dixeron entre outras cousas que tiña que haber Área Metropolitana, e tamén voulle a desenmascarar nunha cuestión, quen está en contra dos intereses dos vigueses e dos cidadáns metropolitanos son vostedes, as Xuntas de Goberno da Área Metropolitana, legalmente constituída, porque lle acabo de escoitar a vostede que estaba constituída a Área Metropolitana, en que quedamos Sra. Muñoz? Os únicos que están a prexudicar os intereses non transporte metropolitano son vostedes, míreme faga o favor, que lle vou a ensinar o convenio, este convenio é o asinado polo Alcalde de Vigo, este é un convenio que queremos implementar e que queremos que comece mañá Sra. Muñoz, e só se trata de que a Xunta de Galicia está absolutamente boicoteando a Área Metropolitana, non me enfado, pero sabe o que pasa? Que cando defendo os intereses dos vigueses póño moi serio e moi apaixonado, e xa vexo que vostede veu hoxe a este Pleno a defender os intereses do Partido Popular porque vostede e díxenllo moitas veces, que foi conselleira, que sexa capaz de negar que o Rexistro ten que rexistrar de forma inmediata a Área Metropolitana a vostede a incapacita politicamente, vostede non pode falar neste Pleno o que dixó, vostede ten que recoñecer que a Área Metropolitana está legalmente constituída, que ten que inscribirse e vostede o dixó, polo tanto, isto é unha manobra política que imos combater.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez

Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.01.2017 (Rex. Nº 1495/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(6).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE RETIRE O RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA A ÁREA METROPOLITANA E QUE ACEPTÉ QUE ESTÁ LEGALMENTE CONSTITUÍDA E FUNCIONANDO. REXISTRO PLENO 1496/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xaneiro de 2017, número 1496/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 1 de decembro de 2016 constituíuse a Área Metropolitana de Vigo de acordo coa orde do día da convocatoria e de acordo coa legalidade vigente.

De todos é coñecida a actitude que mantiveron os representantes do P.P. na sesión, negando a legalidade que ampara a constitución formal do Área Metropolitana de Vigo e a elección do seu Presidente.

Si xa naquel intre quedaba moi patente a utilización partidista por parte do P.P. ao intentar boicotear a constitución do A.M., os seguintes pasos van ir na mesma dirección facendo unha utilización da Xunta de Galicia con claros fins partidistas, contra a cidade e contra a Área Metropolitana.

Nesa deriva, a Xunta de Galicia presentou un recurso contencioso administrativo contra a constitución do Área Metropolitana de Vigo, inxustificable desde o punto de vista legal e que só obedece a unha estratexia política de partido.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- Instar a Xunta de Galicia a que retire o recurso contencioso administrativo contra a Área Metropolitana de Vigo e que abandone a política de chantaxe e que acepte que Área Metropolitana de Vigo está legalmente constituída e funcionando."

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Seguimos coa intención que dicía anteriormente de desenmascarar ao Partido Popular, e pode parecer que esta moción é máis do mesmo con relación á anterior, pero non é así por varias razóns, primeiro quedou claramente manifestado, concluído e recoñecido pola voceira do Partido Popular que a Área Metropolitana está legalmente constituída porque ademais a declarou un membro do seu partido.

Pedimos nesta moción a retirada do recurso contencioso-administrativo porque o Partido Popular xudializou a vida política nun claro intento de agresión á autonomía local, dicíalles anteriormente que se deberon de constituír 81.000 órganos ao longo destes anos e as argumentacións xurídicas que figuran nese contencioso-administrativo son absolutamente inexplicables porque se quere argumentar de todo, inclusive se facía mención antes a referencias ao que publica a prensa, o que ninguén pode negar é a integración do Concello de Vigo no transporte metropolitano, porque iso foi o 6 de xullo, porque iso foi un convenio que en ningún apartado fai mención ao que proclama o Partido Popular e efectivamente ese convenio ten os seus mecanismos de interpretación, e vostedes están intentando enganar á cidadanía e a cidadanía estáo a entender moi ben isto do transporte metropolitano, e o que é evidente é que se hai un problema de interpretación en relación co convenio o que hai que facer porque este convenio recolle os mecanismos de resolución e vostedes estano a incumprir, é ir a un contencioso-administrativo e ese día cando se vaia un contencioso-administrativo que era o tiñan que ter feito, en todo caso, e haxa unha sentenza, este concello

cumprirao de inmediato, pero este Concello o que quere é que funcione o transporte metropolitano. O que é evidente é que o Alcalde de Vigo manifestouse por un recurso contencioso-administrativo no relativo á interpretación deste convenio, non e non en algo tan importante como é xudicializar a vida política e facer e presentar un contencioso-administrativo contra un acordo legalmente constituído.

Polo tanto, o único que se tratou é de atentar contra esta autonomía dun ente local, dígano dunha vez por todas, o Partido Popular nunca quixo a Área Metropolitana, o Partido Popular no 2012, primeiro, non quería ao Alcalde de Vigo como presidente da Área Metropolitana, e fixo unha das peores xogadas parlamentarias que se poden facer que é presentar unha emenda no último momento para que Vigo pesase nunha Área Metropolitana o mesmo que o resto dos concellos, rompendo os consensos de tódolos anos dado que vostede se refería a eles anteriormente, rompendo toda a filosofía sobre entidades locais e sobre representatividade, e a verdade sábena os cidadáns que en maio de 2015 votaron un 52%, por moito que lles pese, a este goberno e a este Alcalde, e son os que conseguiron con ese resultado que o Sr. Feijóo tivese que dobrar o xeonllo, literalmente e tivo que propoñer unha lei diferente, fixéronlle dobrar os cidadáns o xeonllo. A Lei da Área Metropolitana conseguírona os cidadáns e non nos regalou absolutamente nada por moito que diga o seu voceiro, e a partires de aí nós cumprimos de forma xenerosa coa sinatura dun convenio que beneficia aos cidadáns e aos que se lle está prexudicando porque vostedes están non aceptando esa integración do transporte metropolitano cando a mellor proba de que Vigo está integrado no transporte metropolitano é a reunión de días pasados as que asistimos o meu compañeiro o Sr. Regades e eu, na que unha comisión sobre transporte metropolitano se nos convocou.

Polo tanto, isto é unha artimaña política e nós e espero que os 27 concelleiros que aquí nos sentamos en defensa da cidade de Vigo, lle pidamos á Xunta de Galicia que retire o contencioso-administrativo, pero algo máis importante porque hai que chamar ás cousas polo seu nome, que deixe de chantaxear a esta cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Como este formato de fascículos coleccionables para falar da Área Metropolitana, logo hai outro fascículo sobre transporte imos falar despois de

transporte, nos estamos de acordo en que se retire o contencioso-administrativo sobre a cuestión xurídica da constitución, senón entre outras cousas estaríamos negando que nese Pleno estabamos, votamos e que se chegou a unha serie de acordos que incluso a posterior nos seguimos apostando porque se constituíran os grupos metropolitanos e que foramos xa a debate en Pleno, non cremos que funcione a comisión paritaria Xunta de Galicia-Concello de Vigo, gustaríanos xa dentro das posibilidades xurídicas que abre este contencioso-administrativo, que abre outro tipo de cuestións, nos gustaría un Pleno monográfico sobre estas cuestións xa na Área Metropolitana, sei que é difícil porque un dos grupos non se constituíu formalmente en grupo e que existe este contencioso-administrativo enriba da mesa, pero ata onde nos entendíamos que había consenso era ao momento da votación e do acordo e polo tanto, a votación e o acordo para nós é absolutamente importante pero secundario, e repetimos, ninguén na Área Metropolitana, hai catro Áreas Metropolitanas constituídas baixo lei no Estado español, dúas en Cataluña, dúas na Comunidade Valenciana, o resto moitos deles xa non necesitan nin sequera unha lei da Área Metropolitana como pode ser Madrid que o feito de ter consorciado o transporte, unha serie de servizos funcionan case a maior parte en estrutura de toda a comunidade autónoma de Madrid, é dicir, nós estamos incluso propoñendo que ao mellor imos chegar tarde a Área Metropolitana pensada como Área Metropolitana de Vigo e ao mellor o que nos pode dar mellor servizo é pensar na Área Sur da provincia de Pontevedra, a conexión directa con Portugal o desenvolvemento tamén das relacións transfronterizas que logo nalgún Pleno teríamos que falar diso e esas cuestións ao mellor a Área Metropolitana queda superada nuns anos por cuestións que están enriba da mesa en moitos sitios e polo tanto, que esteamos discutindo a cuestión da constitución da Área Metropolitana, dende logo é perder tempo precioso para falar doutras cousas como, por exemplo, a auga, recollida de residuos sólidos urbanos, as cuestións que teñen que ver incluso con servizos sociais, aquí non, de feito, cremos que imos tarde e mal, algún borrador xa dun Plan estratéxico para a Área Metropolitana de aquí ao ano 2020, fala exclusivamente de coordinar servizos entre os municipios, cousa que para nós é un erro porque sería simplemente dicir que imos seguir mantendo as concesionarias privadas multicolor que existen en tódolos concellos, a nós tamén nos preocupa que non podamos falar abertamente

dese plan, de como imos desenvolver ese plan e polo tanto que esteamos falando dun pleno de constitución o cal é absolutamente ridículo porque ninguén creo que pon en dúbida que en Barcelona a Sra. Ana Colau, sexa presidenta da Área Metropolitana e xa hai anos que a figura da Sra. Ana Colau é absolutamente secundaria na Área Metropolitana porque o que importa é o Consorcio, os acordos políticos-económicos que teñen os concellos de Barcelona coa Generalitat consorciando o transporte que para nós sería a solución, crear un consorcio público de transporte, dixémolo xa hai un ano, consorcio público participado pola mancomunidade de municipios que hai que rescatar polo Concello de Vigo e pola Xunta de Galicia repartindo custes e repartindo responsabilidades, seguramente solucionaríamos gran parte do problema que temos coa concesión do transporte urbano de Vigo.

Polo tanto, nós estamos de acordo e pedimos que falemos xa de cuestións que lle preocupan á cidadanía como é abaratar ou non os servizos, logo falaremos do transporte que é a parte substancial pero nos aí si que entendemos que todos nos víamos reflectidos no contencioso-administrativo sobre a cuestión do transporte, non sobre a cuestión da constitución que parece agora que o Partido Popular quere emendar, pero dende logo entendíamos que iamos deixar a toma de decisión do tribunal en base á interpretación do convenio pero que ninguén poña en dúbida o proceso de constitución ou polo menos a parte substancial do proceso de constitución que foi ata a votación do presidente da Área Metropolitana.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Como dicía o voceiro de Marea de Vigo, imos continuar con esta entrega de fascículos e eu creo que é importante que pasemos á seguinte fase, parte desa película a que eu me refería antes, a esa gran estafa que dende logo queren vostedes, quere o Alcalde de Vigo que entremos tódolos vigueses e deixáramolo na sinatura do convenio do transporte metropolitano, finalmente o Alcalde decidiu que ía asinar o convenio que tachara de ilegal, que dixo que non se podía asinar, incluso dixo que era imposto polo Alcalde da A Coruña e neses termos el non o asinaba, finalmente asina o convenio, non con vontade de cumprilo, agora o sabemos, senón que simplemente para seguir adiante para desbloquear a modificación de Lei e acorda coa Xunta de Galicia a modificación da Lei con tódolos alcaldes da Área Metropolitana, a Xunta de Galicia cumpre, o

Presidente da Xunta de Galicia cumpre e o Parlamento de Galicia aproba por unanimidade a Lei da Área Metropolitana de Vigo, quen non cumpre pasados todos eses meses quen non integra efectivamente a Vigo no transporte metropolitano? Vostede Sr. Alcalde foi o que non cumpriu, en todo este proceso só hai unha persoa que non cumpriu nin coa súa palabra nin con a súa sinatura nin coa Lei e chámase Sr. Abel Caballero, Sr. Alcalde foi vostede e seguiu con esa gran estafa, e nesa gran estaba faltaba un paso que era fundamental e era a constitución da Asemblea Metropolitana que vostede convocou porque dicía a Lei que en tres meses había que convocala e tamén dicía a Lei que non podería entrar en funcionamento se Vigo non estaba efectivamente integrado no transporte metropolitano e por moito que digo o Sr. Font, Vigo non está integrado efectivamente a día de hoxe no transporte metropolitano e polo tanto incúmprese a Lei, e vostede tiña todo preparado nesa sesión constitutiva da Área Metropolitana para que fose a súa maior gloria para vostede erixirse como presidente, como o único que ía falar e como o único protagonista desa sesión constitutiva, porque pensaba vostede que ía presidir a Mesa de Idade, hai craso erro, que mal consultamos as hemerotecas e que mala información había de quen era a persoa de maior idade que tiña que presidir esa Mesa de Idade. Aí rompéronse un pouco os plans porque resulta que o de maior idade era un Alcalde, o Alcalde de Salvaterra, vostede ata fixo o amago de poñerse de pe para ir a presidir esa Mesa de Idade, pois ben, ese plan no que quería só falar vostede e que tódolos demais estiveramos calados, no cal nin sequera os concelleiros metropolitanos tiñamos un micrófono para poder falar, se lle rompeu porque houbo un presidente da Mesa de Idade que fixo cumprir a Lei e que fixo cumprir un informe do Concello Consultivo, a partires de aí suspendeu a sesión, e a partir de aí cando se suspende a sesión todo acaba e vostede seguiu nesa fuxida cara adiante retando a todo o mundo e pagado de si mesmo e retou á Xunta de Galicia a ir ao transporte e ir aos tribunais polo transporte e pola Área Metropolitana, escóitese a vostede mesmo, xa verá como se ve claramente o que vostede dicía.

A concelleira pon unha gravación do Alcalde falando da Área Metropolitana.

Vostede veuse arriba e tamén retou á Xunta de Galicia e temos agora un recurso

contra a Área Metropolitana como vostede pediu Sr. Alcalde, e agora ten medo á xustiza e por iso presenta esta moción para que retiremos o recurso contra a Área Metropolitana, xa só lle faltou presentar unha moción dicindo ao xuíz que desestime o recurso da Área Metropolitana, pois non, hai un recurso e agora van falar os tribunais de xustiza e vostede está nun problema porque sabe que se saltou a lei, igual que os teñen aos seu carón estarán preocupados tamén porque saben vostedes que se saltaron a lei, porque vostede se cree por enriba da lei, e é o que máis nos preocupa aos vigueses, porque temos un Alcalde que se cree por enriba de todo e para el non valen as normas, os procedementos administrativos, para el os vigueses, o que é moito peor, non valen nada, pois si valen Sr. Alcalde e vai falar a lei e espero que a escoite.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz cando vostede comeza facendo mención a fascículos en algo tan importante como isto xa denota perfectamente o que vostede pretende, pero mire toda esa demostración de forza tecnolóxica que nos acaba de ensinar pero se ao contrario Sra. Muñoz? Vai de resbalón en resbalón, se a cada declaración que fai, literalmente llo teño que dicir, mete a pata, se nese recorte, nesa gravación deixase claramente que está condicionado o transporte á Área Metropolitana e iso é o que di o Alcalde pero literalmente e vostede soa métese na boca do lobo falando desa historia, pero mire, o presidente da Mesa de Idade, máis alá de a quen lle correspondía, o único que fixo foi incumprir a lei, atopouse ao inicio da sesión cunha orde do día que tiña que seguir, e un Alcalde do seu partido para obedecer as súas instrucións do Sr. Feijóo e do Sr. Rueda o que fixo foi incumprir a lei, imos de tecnoloxía esta mañá, esta é a súa voz Sra. Muñoz? Agora voulle dar a transcripción do que dixo vostede, “no convenio dise perfectamente como funciona o transporte metropolitano, non estamos a falar de utilización libre de nada, estamos a falar de viaxes interurbanas, bonificacións do transporte urbano cando estea dentro do transporte, do tramo e dunha viaxe interurbana e diso é exactamente do que estamos a falar, ninguén fala aquí de viaxes libres cando veñen en coche, esa é a teoría da confusión na que queren meter a todo o mundo o Alcalde”. Esta é a transcripción Sra. Muñoz do que vostede recoñece, literalmente eses panfletos e ese é outro resbalón e outra metedura de pata, eses panfletos din o mesmo que o que dixo o Alcalde de Vigo.

Polo tanto, escóitame, o Concello de Vigo está integrado no Transporte Metropolitano, e aquí nestes panfletos se demostra o que vostede dixo neste corte que vai constar en acta porque imos dar as transcricións á Secretaría e vostede di que isto non é barra libre, como se pretende para as viaxes, que teñen que estar ligado ao transporte interurbano, iso é o que di o convenio, esa é a mentira á que vostedes están sometendo aos vigueses pero aos vigueses Sra. Muñoz xa non os engana ninguén, e vostede menos que ninguén.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, imos gañar o contencioso-administrativo, sabe que pasa? O que pasa é que ese contencioso-administrativo manterá a Área Metropolitana en cuestión nun tribunal durante dous anos, que iso é o que pretende o Sr. Feijóo e vostede, pero imos gañar o contencioso-administrativo, sábeno todo o mundo que o imos gañar, é unha cuestión de obviade que o imos gañar, por iso neste momento o que pretende ese contencioso-administrativo é paralizar durante dous aos á ver se á vez seguinte vostede teñen un mellor resultado e controlan á Área Metropolitana, porque vostede cando non gañan rebotan as cousas, cando vostedes perden rebotan e vostedes perderon democraticamente, e a Área Metropolitana ten unha maioría doutro color político, un pacto entre diferentes grupos políticos que teñen maioría, clara que hai un pacto é obvio, hai un pacto pola vía do feito, unha maioría que se senta no goberno e que goberna e que quere falar de aparcadoiros gratis no hospital de Vigo e e que quere falar dos investimentos da Xunta de Galicia nesta Área Metropolitana e que quere falar de cando vostede cambiou un hospital público a un hospital privado en media hora e que queren falar de tantas e tantas cuestións que teñen que ver con esta Área Metropolitana e que vostedes Sr. Feijóo e vostedes como grupo e vostede Sra. Muñoz, obedecendo non queren que se fale e iso é o que lles produce pánico, oito alcaldes/as de diferentes grupos políticos, sentados entorno a unha mesa con a única ausencia dos alcaldes/as do grupo Popular, iso é o que lles produce pánico. E o que lle produce pánico a vostede Sra. Muñoz é que se saiba que o que vostede quere é que Vigo pague sen limite autobuses urbanos para todos aqueles que teñan unha tarxeta da Xunta de Galicia, pagando a Xunta de Galicia cero euros, iso é o que a vostede lle preocupa, preocúpalle que esta cidade saiba que vostedes están intentando que Vigo teña

que pagar ilimitadamente autobuses gratuítos na cidade a cidadáns que veñan de fora incluso de Galicia, coa Xunta de Galicia pagando cero euros, o que vostedes non queren é que se saiba que vostedes están rebentando a Área Metropolitana e ademais intentando que Vigo pague e o saben perfectamente todos vostedes. Unha vez máis vaise a demostrar que vostedes só pretenden que Vigo pague o que a Sra. Muñoz pretende por iso o Sr. Feijóo apoiouna para Presidenta do grupo Popular de Vigo, debo dicirlle que o convenio di e déixeme que o volva a dicir, que cando alguén veña nun autobús interurbano a Vigo e colla un autobús urbano, ese autobús teno gratis, a Xunta de Galicia paga 0,86 euros e o Concello de Vigo paga 0,46 euros, pode facer un transbordo, despois cando volva a coller o autobús interurbano, volve a ter gratis o autobús urbano e o transbordo que corresponda, as viaxes que faga cando non veña nin sequera en autobús non están contemplados en ningún convenio, o convenio contempla o transporte metropolitano e no transporte metropolitano están as viaxes de intercambio como pode ser lido en todo o convenio, e por iso a interpretación, non só do Alcalde de Vigo, que tamén, dos técnicos deste Concello que son os que interpretan o convenio, os técnicos deste Concello din isto, pero saben quen o interpreta igual? Os concellos onde governa Marea de Vigo, o Bloque Nacionalista Galego, independentes e outros onde governa o Partido Socialista, interpretan o mesmo que nós, pero debe dicirlle algo máis, e que vostede neses panfletos que repartían interpretan exactamente igual que o Concello de Vigo, neses panfletos que vostedes repartiron interpretan igual que o Concello de Vigo e que tantos concellos, que pasa? Que cando nós o denunciemos volveron a chamar da Xunta de Galicia e onde a Sra. Muñoz dicía digo agora di diego, non ten nada que ver co concelleiro que ten ao carón, é que o que aparece aí Sra. Muñoz é a proposta que fai o Alcalde de Vigo, o Alcalde de Cangas, a Alcaldesa de Moaña, o Alcalde de Fornelos, a Alcaldesa de Porriño, tódolos alcaldes que estamos no goberno interpretamos o que vostedes dixeron aí, que sucede? Sucede que a Xunta de Galicia agora non lle deixa, porque a Xunta de Galicia quere que Vigo pague e vostedes tamén que é o que me preocupa, a min o que me preocupa non é o que diga a Xunta de Galicia que me da exactamente igual, xa estamos acostumados, xa tivemos que mover a cidade bastantes veces, a min o que me preocupa e que quen pretende que Vigo pague e pague e pague é o grupo Popular de Vigo, iso é o

que me preocupa, porque unha vez máis deixan de defender os intereses da cidade para poñerse ás ordes políticas do Sr. Feijóo. Miren fágolles un novo vaticinio, como segan así, nas seguintes eleccións municipais non chegan nin a cinco porque sabe o que pasa? Sucede que a cidade sabe moi ben o que están a facer.

Déixeme que lle clarexe outra cuestión, sigo dicindo e ofertando á Xunta de Galicia que vaíamos a un contencioso-administrativo no transporte metropolitano que é o que sempre dixen e aceptaremos todos o que resulte dese contencioso-administrativo e que desbloqueen a Área Metropolitana, siga facendo a mesma oferta política que fixen sempre, porque nunca dixen que había que ir a contencioso-administrativo, ao contrario, dixen contra o transporte metropolitano, millóns de veces. A oferta segue en pe, pero a que a Xunta de Galicia non acepta? Saben por que? Porque saben que o contencioso-administrativo sobre o transporte non está, está un contencioso-administrativo sobre a Área Metropolitana que van a perder, pero será un obstáculo para o desenvolvemento da Área Metropolitana durante dous anos, a ver se na seguinte lles vai mellor, lles vaia ir peor porque están intentando facer que Vigo pague o que non está asinado no convenio.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.01.2017 (Rex. Nº 1496/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(7).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AMOSANDO O REXEITAMENTO A CALQUERA SISTEMA DE COPAGO EN VIGOR OU EN PROXECTO QUE SUPOÑA DESIGUALDADE E LIMITACIÓN DE ACCESO DA CIDADANÍA AO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO. REXISTRO PLENO 1497/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xaneiro de 2017, número 1497/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Recentemente unhas declaracións nun medio de comunicación da Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Dolors Montserrat, do Goberno presidido polo Sr. Rajoy xerou unha enorme alarma social ao anunciar a Ministra que quería "revisar" o copago nos tramos de pensións de entre 18.000 e 100.000 euros. O que significaría aumentar o pago farmacéutico nos pacientes incluídos neste tramo de rendas e no concurro dos pensionistas. O escándalo producido por esta declaración de intencións foi de tal magnitude que obrigou á ministra a matizar a súa proposta e deixala condicionada a un estudo posterior. Con todo, todo parece indicar que existe no seo do goberno unha vontade evidente de implementar medidas que en realidade son un incremento das barreiras xa existentes de acceso ao sistema sanitario e que se convirten en auténticos impostos á enfermidade, limitando cada vez máis, como xa fíxose con outras medidas, o acceso ao sistema de sanitario dos cidadáns que o precisan.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

1. O Pleno de Concello de Vigo rexeita calquera sistema de copago en vigor ou en proxecto que supoñan unha desigualdade e unha limitación ao acceso da cidadanía ao sistema sanitario público.
2. Paralización inmediata de calquera proxecto que teña como fin crear e incrementar as barreiras de acceso ao sistema sanitario."

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Recentemente unhas declaracións nun medio de comunicación da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade do goberno presidido polo Sr. Rajoy, xerou unha enorme alarma social ao anunciar a ministra que quería revisar o copago nos tramos dos pensionistas con rendas de 18.000 e 100.000 euros, o que significaría aumentar o pago farmacéutico nos pacientes incluídos nestes tramos de rendas e no concurso xeral dos pensionistas. O escándalo producido por estas declaracións de intencións foi de tal magnitude que obrigou a ministra a matizar a súa proposta e deixala condicionada a un estudo posterior, sen embargo todo parece indicar que existe no seno do goberno unha vontade evidente de implementar medidas que en realidade son un incremento das barreiras xa existentes de acceso ao sistema sanitario, e que se converten en auténticos impostos á enfermidade limitando cada vez máis, como xa quedou claro noutras ocasións o acceso ao sistema sanitario dos cidadás que o precisan.

Hai evidencias que os copagos lineais non evitables supoñen unha diminución no consumo de medicamentos, simplemente un dato, un estudo recente detectou que máis do 13,4% de pensionistas non puideron recoller os seus medicamentos por temas económicos, os copagos obrigatorios supoñen unha diminución da adherencia dos tratamentos en comparación coa non existencia de dichos copagos. Existen estudos que indican que reducir os copagos de medicamentos utilizados tralo infarto pode axudar a diminuír as desigualdades.

A fixación de copagos fixos, non dinámicos, son un claro e está por tódolos medios demostrado unha barreira franca á equidade, e por outra banda o establecemento de copagos dinámicos en función de rendas para iso fai falla modelos primeiro, dun réxime fiscal que non xere o fraude actual que temos en España, e polo tanto e por outra banda, unha economía somerxida que afecta a máis do 20% da economía deste país.

Polo tanto, mentres estas dúas medidas non se poidan superar o que é o gran fraude fiscal en España e a economía somerxida é imposible establecer dunha forma nítida copagos dinámicos en función de rendas que teñan un carácter non discriminatorio da enfermidade, por todo o cal o Pleno do Concello de Vigo rexeita

calquera sistema de copago en vigor ou en proxecto que supoña unha desigualdade e unha limitación ao acceso da cidadanía ao sistema sanitario público, segundo, paralización inmediata de calquera proxecto que teña como fin incrementar as barreiras de acceso ao sistema sanitario.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Todos estamos de acordo en que a sanidade pública é manifestamente mellorable, o que me sorprende é que o Partido Socialista crea na propaganda do Partido Popular, a verdade é que penso que non cre pero que tamén o PSOE precisa facer a súa propaganda de cara a veciñanza de Navia, non vaia ser que perda apoios alí.

Os defensores da sanidade pública levamos anos reclamando as medidas necesarias para que se mellore a sanidade pero as medidas que se tomen para melloralas teñen que respectar o marco da propia sanidade pública e potenciar os seus valores, o que se pretende agora é romper ese marco e rematar con eses valores e introducir os valores do mercado, xa non se trata de melloralas senón de liquidalas, estamos fronte a un problema moi serio, está en xogo a existencia da sanidade pública, as políticas ultraneoliberais que o Partido Popular está levando a cabo teñen un dos seus puntos de mira na privatización da sanidade, é un dos seus obxectivos xunto coa educación e as pensións, para deixar totalmente desprotexidas ás clases máis baixas da sociedade, o único que lles interesa é facer negocio con todo aquilo que se lle poña por diante sen importarlle a calidade de vida da maior parte da cidadanía, é o Real Decreto 16/2012, de 20 de abril, o que fai que a ministra lance esas iniciativas, ata o de agora as medidas de recorte tomadas polo goberno central coa complicidade da Xunta de Galicia introducen cambios fundamentais no sistema sanitario público que atentan contra a universalidade, accesibilidade, a equidade e o carácter distributivo da sanidade pública e supón un inicio dunha contrarreforma sanitaria, se non hai presión social, se lle deixamos facer dende logo que seguirán adiante.

Dita contrarreforma establece un sistema de copagos que afectan esencialmente aos pensionistas e enfermos crónicos, dificultando o acceso a medicacións e prestacións sanitarias indispensables para a súa saúde, converténdose nun novo imposto á sanidade como ben dixo o Sr. Concelleiro.

Co copago perden enfermos crónicos discapacitados, pensionistas e persoas

maiores, existe no noso país moi pouca capacidade adquisitiva pois as pensións en Galicia son as máis baixas do Estado e unha gran necesidade de asistencia, tres veces superior por ter enfermidades crónicas que erixen atención continuada e tratamentos custosos. Esta contrarreforma inclúe un novo medicamentazo xa que retira máis de 400 medicamentos moi usados do financiamento público, nós xa pagamos o 100% dos medicamentos non financiados, do noso peto, cada un o seu, e xusto eses medicamentos son os que incrementaron un 30% de media, o seu prezo.

Co copago e a privatización desaparece a sanidade pública, coa sanidade pública se estamos enfermos temos un problema de saúde, co copago e a privatización se estamos enfermos teremos dous problemas, un de saúde e outro económico. Para evitar esta forma de gobernar en contra dos sectores máis desfavorecidos da poboación, sería necesario garantir que os servizos esenciais sanitarios, educativos, atención as persoas dependentes, quedasen fora do mercado, sería necesario que se puxesen a satisfacción das necesidades básicas das persoas por enriba da acumulación de capital, pero claro está que isto entra en contradición directa coas ansias infinitas que dita acumulación, por parte das persoas que teñen o poder de facer, que as políticas cambien, non temos ningunha esperanza de que nin o Partido Socialista nin o Partido Popular queiran chegar a este tipo de conclusións.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: No ano 2012, tralo buraco deixado polo goberno Socialista, deixou o sistema sanitario nunha situación insostible, o primeiro que fixo o goberno do Estado foi afrontala situación, simplificáronse as estruturas, elimináronse duplicidades, racionalizouse o gasto e sempre preservando o recursos directamente destinados á atención das persoas.

España cun dos mellores sistemas sanitarios do mundo sentáronse as bases sólidas para garantir o seu futuro, temos un sistema sanitario máis xusto no que 1 millón de persoas desempregadas e as súas familias que antes pagaban o 40% están por primeira vez exentos de pagar as súas medicinas.

España conta co sistema sanitario máis universal ao que teñen acceso tódolos españois e os residentes no noso país, con 700.000 tarxetas sanitarias máis que ao principio da lexislatura e que garante o acceso dos máis vulnerables á asistencia

sanitaria máis xenerosa de toda Europa e ademais España cun sistema sanitario máis equitativo, cunha carteira común básica de servizos que garante as mesmas prestacións para tódolos pacientes en base a criterios exclusivamente científicas e técnicos.

Por outra banda, a media de achega dos pensionistas en Galicia está por debaixo dos 4 euros ao mes e só o 25% alcanza o tope que son 8,23 euros ao mes, a porcentaxe de achega sobre o gasto farmacéutico global destas persoas é do 5,75%, unha porcentaxe moi inferior a calquera dos países do noso entorno, o 94% restante finánciase con fondos públicos, non parece que esta achega represente unha barreira de acceso a esta prestación.

Como afirma a ministra, o copago existe dende hai moitos anos, tamén con gobernos socialistas e de feito as primeiras veces que se sacaron fármacos do sistema de financiamento foi co partido socialista, incluso foron vostedes os que non estaban de acordo cos medicamentos xenéricos. A súa moción ten unhas tinguiduras un tanto demagóxicos porque evidentemente todos estamos de acordo e a favor de que sexan sistemas equitativos e que garantan o acceso universal á sanidade, en ningún momento o goberno ten na súa axenda que se vaia modificar o copago.

Polo tanto, como estamos de acordo co fondo, non imos ir en contra da equidade que somos xente que estamos a traballar por un acceso universal equitativo, imos votar a favor porque non poden facer outra cousa que votar a favor ao fondo da súa moción.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Gracias pola participación dos compañeiros dos diferentes grupos deste Pleno.

Eu creo que hai estudos testemuñais, serios, rigorosos dende os anos oitenta da Rand Corporation por exemplo que é un estudo mítico de economía e saúde máis amplo que se fixo nunca, onde fala do impacto negativo de calquera tipo de copago na accesibilidade e equidade do sistema sanitario e moito máis ao farmacéutico. Calquera copago que se introduza sexa do partido que o introducira como forma delimitativa de acceder ao sistema é un taxa inxusta á enfermidade, da cal o paciente non ten a culpa.

O copago xa está na distribución da renda, polo tanto non fai falla introducir nin

moito menos elementos que realmente non discriminan pola renda, como acabo de dicir, porque nun país, insisto, coa economía somerxida actual e co fraude fiscal que hai é imposible establecer mecanismos de control en función da renda porque é unha falacia totalmente, porque ademais o problema non está nesta área, está noutras áreas de acceso ao sistema, como pode ser incluso traballadores onde se obrigan a pagar o 40% ou 60% cando realmente, insisto, hai estudos serios en España recentes onde se detecta que entre o 12% e o 16,4% deixan de adquirir os medicamentos por problemas económicos, isto é un proceso que nunca se vivira antes en España, e é froito dunhas medidas, aquelas medidas que non teñen carácter simplemente de maior eficiencia do sistema, todo o contrario, non, as medidas introducidas no Real Decreto 16/2012, nada teñen que ver coa eficiencia, é un cambio ideolóxico do sistema porque penalizou os dereitos dos cidadáns, tantos os dereitos dos cidadás que acoden a España por razóns económicas, políticas etc. como os propios cidadás españois, polo tanto, non estamos a falar de melloras económicas, vulneración de dereitos por primeira vez no desenvolvemento do sistema sanitario, que ten que ver iso, por exemplo, con outras barreiras que se introduciron que penalizan o acceso ao sistema como as peaxes ao sistema sanitario puro, ás prestacións sanitarias que nunca antes se houberan utilizado, xamais, isto realmente non ten nada que ver coa busca da eficiencia senón que é un cambio ideolóxico negativo no sistema que realmente todos estamos desexando a reversión do mesmo.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.01.2017 (Rex. Nº 1497/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(8).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RECOÑECER QUE O CONCELLO DE VIGO ESTÁ TOTALMENTE INTEGRADO NO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA, MEDIANTE O CONVENIO DE 6 DE XULLO DE 2016. REXISTRO PLENO 1498/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xaneiro de 2017, número 1498/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“De forma absolutamente incomprendible a Xunta de Galicia está cuestionando a legalidade da constitución do Área Metropolitana de Vigo.

O esta facendo, dende unha óptica de utilización de institucións como a Xunta de Galicia en mor das siglas do PP coa escusa da integración do Concello de Vigo no transporte metropolitano de Galicia.

Afirmamos que é unha escusa porque o Concello de Vigo está legalmente integrado no transporte metropolitano de Galicia dende o día 6 de xullo de 2.016 mediante a sinatura do Convenio subscrito entre a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a empresa VITRASA.

Nese Convenio, o Concello de Vigo comprometéase o abono da parte do billete urbano, para cada un dos cidadáns do Área Metropolitana de Vigo que utilizasen de forma combinada o transporte interurbano e o urbano de Vigo.

Repetímolo por enésima vez, o Concello de Vigo comprométese mediante o convenio asinado a abonar os mesmos 0,46 céntimos, que abona aos cidadáns empadronados en Vigo, a todo os cidadáns de Concellos do Área Metropolitana de Vigo que cheguen á cidade de Vigo desde o transporte interurbano. Abonaranse 2 viaxes, de entrada e de saída do seu correspondente transbordo. Categóricamente, ao cidadán metropolitano as 2 viaxes en Vigo custaranlle 0 euros.

No convenio non se recolle a subvención das viaxes en autobús os non residentes en Vigo cando estean conectados a un transporte interurbano.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- A posición deste Concello, como aparece no convenio, é a de subvencionar 0,46 céntimos nas viaxes de entrada e saída conectados con o transporte interurbano, sen contemplar ningunha subvención as viaxes urbanas que calquera cidadán non

censado en Vigo poida facer na cidade.

- Instar a Xunta de Galicia a recoñecer que o Concello de Vigo está totalmente integrado no transporte metropolitano de Galicia, mediante o Convenio de 6 de Xullo de 2.016 e que supón uns beneficios para todos os cidadáns dos Concello do Área Metropolitana de Vigo."

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Debo mostrar a miña satisfacción por como vai este Pleno, porque algunhas conclusións xa temos, a Sra. Muñoz por fin recoñeceu publicamente que a Área Metropolitana está constituída, e temos un problema de comprensión que non sabe relacionar os panfletos que distribuíu co convenio e coas declaracións do Alcalde, isto igual dándolle un pouco de tempo é capaz de comprendelo, pero Sra. Muñoz chegou a hora da verdade neste Pleno despois de falar de inscribir a Área Metropolitana, despois de pedir que retiremos o contencioso-administrativo para ver o que realmente lle importa aos cidadás e os que nos estamos preocupando dos cidadás somos nós, agora toca falar de economía, dos intereses dos cidadás e toca falar do que dicía anteriormente o Alcalde, eu non o vou facer mellor que el pero voulo a repetir, vostede entrou neste Pleno para que ese gran convite que quere o Sr. Feijóo de transporte metropolitano o paguemos os vigueses, si isto é así, vostedes entraron neste Pleno coa intención de que todo o pague absolutamente Vigo.

Dicía ao final da miña intervención anterior que se acabaron os tempos da compracencia nesta cidade, Vigo á hora de asinar este convenio foi xeneroso, Vigo preocupouse dos intereses dos cidadás metropolitanos e este convenio o que paga, Vigo que o deberíamos entender todos igual é máis ben en beneficio dos cidadáns que non residen en Vigo que dos propios vigueses, e a verdade é que eu non sei como é vostede capaz de ser tan terca e túzara, túzara no ámbito político Sra. Muñoz, de non recoñecer estes panfletos que marcan un transporte interurbano ligado a un transporte urbano, estas tarefas que figuran aquí son as que figuran no convenio e son as que foron defendidas polo Alcalde de Vigo e as que queremos dende o primeiro momento aplicar.

Polo tanto, Sra. Muñoz, se vostede soubera e quixera interpretar ben o convenio

así o faría, sabe cal é o problema? Que hai unhas declaracións públicas da conselleira que a vostede a desautoriza, vostede cando fixo a interpretación do que lía anteriormente de forma textual, chamáronlle a atención dicíndolle que iso non era así, dixéronlle que vostede estaba e fora elixida presidenta do Partido Popular para outra cuestión, queda suficientemente claro que o asinado é transporte interurbano ligado a transporte urbano, que o cidadá que ven en transporte interurbano, como din vostedes aquí, teñen as dúas viaxes gratis de movemento nesta cidade e isto é o que fixemos os vigueses. Sabe cal é problema e por que lle dicía que íamos falar de economía? Porque o que vostedes propoñen é posible que poida significar dous millóns, 2,5 millóns ou tres millóns de euros para os vigueses, porque os cidadáns entenden moi ben os exemplos prácticos, vostede se imaxina un grupo de cidadáns de A Coruña que veñen ver ao Deportivo contra o Celta en autobús e que como esta é unha cidade marabillosa deciden quedarse aquí dous días, e deciden dedicarse a ver a cidade, ir de Samil a Teis, de Teis a non sei onde, de non sei onde ao Zoo e sabe cal sería o movemento que vostedes pretenden na canceladora? Clic, clac, 0,46 euros a pagar polo Concello, clic, clac, outros 0,46 euros e a viaxe simple dun grupo de 30 cidadás da cidade de A Coruña significaría en escasamente unhas horas 150 euros para os vigueses, a partir de aí vostede Sra. Muñoz, pasou de obedecer as ordes do Sr. Feijóo a tamén obedecer ás ordes da Alcaldesa de Mos, ao que chegou Sra. Muñoz, porque o que lle ten que dicir vostede aos vigueses e agora ao mellor levanto un pouco o ton de voz e llo digo, o que lle ten que dicir aos vigueses é que o que vostede propón e pretende é que nós paguemos tódalas viaxes que queren facer os cidadáns de Mos e a iso dicímoslle que non.

SR. PÉREZ CORREA: Chegamos á chicha do asunto que é o transporte e polo tanto deberíamos falar de transporte e nós queremos saber sinceramente, cal é o problema porque cando o Partido Socialista saca un panfleto elaborado polo Partido Popular co que di que está de acordo, e que estamos de acordo porque é realidade e que é así, ao mellor o que estamos é furtando cal é o nivel de discrepancia ou cal é o debate verdadeiramente importante que hai enriba da mesa, como en tres minutos non imos a solventar as posicións e en tres minutos creo que é difícil facer un recurso histórico do que ten pasado no transporte

urbano de Vigo nesta cidade nos últimos vinte e cinco anos, nos queríamos facer algunhas apreciacións, entendemos que o problema, como grupo municipal que as veces nos custa que lle custará á cidadanía de Vigo e entendemos que o problema é que algún veciño da Área Metropolitana poida vir no seu coche particular ou andando e coller nese momento un Vitrasa e polo tanto o criterio que sería de aplicación dunha bonificación que agora é municipal, aplicala a calquera tipo de cidadán, pero que o problema non é ese para nós, porque ao mellor nos poñemos a ver que cantidade de veciños/as dos concellos limítrofes fan iso, de coller o seu coche particular vir a Vigo e coller o Vitrasa e ao mellor o custe económico é ridículo, ao mellor hai que facelo. O problema que temos enriba da mesa non é ese, é que temos unha concesionaria que durante 25 anos nos ten agarrados os machos, que se di en “román paladino”, e con esa concesión, memoria do último orzamento liquidado ano 2015, unha concesionaria declara que lle custa a explotación do servizo 21 millóns dos cales recibe, e isto é literal porque é a memoria e está dispoñible ao público na web, recibe doce millóns do Concello de Vigo e máis dun millón do Estado por ser Vigo unha cidade de máis de 50.000 habitantes e polo tanto ter subvención directa ao transporte urbano, é dicir, de 21 millóns, 13 págaos “Juan pueblo”, vaia negocio porque enriba ten unha fórmula de cálculo do billete que lle permite que teñamos que ser o Concello de Vigo que poñamos enriba da mesa case 13 millóns neste exercicio porque senón é absolutamente abusivo o prezo do billete, e o que hai enriba da mesa e iso é que quedan dous anos de concesión e Vitrasa non quere mover nin sequera un milímetro ese cálculo polinómico de billetes, seguir amortizando “sine die” as cocheiras, amortizando vehículos, dicir que compra vehículos cando fai sistemas de renting, este concelleiro preguntoulle na Comisión de Transporte a Vitrasa e aínda estou intentando saber que responderon. Polo tanto, con ese debate nós estamos de acordo co Concello de Vigo, e que o Concello de Vigo só pode bonificar aos empadroados en Vigo, é certo, por un agravio comparativo coa concesión que é certo que teremos que resolver nesta lexislatura porque obviamente antes do 2019 teremos que falar de que se vai facer con transporte urbano de Vigo e o resto é a interpretación absolutamente subxectiva que pode o Partido Popular e o Partido Socialista que digo este grupo municipal non asignaría porque deixa no aire esa posibilidade a que se aferra o Partido Popular que baixo a tarxeta verde se cole

toda a xente que queira viaxar no transporte urbano de Vigo sen ter en conta o que falei antes, o problemas que temos en Vigo coa concesionaria e por que digo que iso é un problema? Porque os vigueses non podemos financiar ese transporte que non é como un transbordo metropolitano e entendo que o Partido Popular o que ten que facer é recoñecelo que queda ao arbitrio absolutamente dispar ese anexo e polo tanto cun documento recoñecer que para eses casos será a Xunta de Galicia a que pague esas parte. Ao mellor cuantificamos o número de viaxeiros e é tan ridículo que temos perdido tres meses falando en importes de 100.000, 200.000 cando nesta cidade se gastan 100.000 euros en cousas absolutamente ridículas, pero iso o imos discutir, creo que seguramente chegaremos a un consenso.

Polo tanto, traballemos en positivo en solventar o que parece ser a única discrepancia que hai enriba da mesa e que ao mellor nin sequera economicamente ten impacto, dígoo porque os vigueses/as estamos usando o transporte metropolitano sen poñer un duro cando imos a Cangas no barco e ao mellor é máis ese importe que o anterior, polo tanto, nó imos defender que se chegue ao acordo sobre unha interpretación que nós estamos de acordo que non pode ser tomada pola Xunta de Galicia e que empeceamos a traballar no que vai resolver o transporte metropolitano que é novo convenio e novo prego concesional se se quere facer ou xa falemos absolutamente de ceder competencias a un consorcio público e que obviamente traballemos como fai a Área Metropolitana de Barcelona onde non hai este problema.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, sinceramente penso que o problema é máis grave do que cría porque por moitas mocións que presenten, por moitos comentarios machistas que digan, vostedes non teñen ningunha razón, algúns pensábamos que é que non querían entender, que entendían pero non querían entender, polo visto aquí despois de todas estas intervencións o problema é aínda máis grave, eu creo que lle pasa un pouco o mesmo que co hospital, que tódalas súas mentiras sobre o hospital foron caéndose unha a unha e agora o que temos é a realidade un gran hospital público, ademais o mellor de Galicia, dito polos propios profesionais e iso é algo que vostedes non poden superar.

Sobre o transporte metropolitano, ao principio cría que non sabían como

funcionaba, lembro aquí unha moción do Partido Socialista o 25 xaneiro do ano pasado na que a concelleira de transporte, por certo hoxe moi calada, dicía: “o transporte metropolitano é un punto principal na configuración da Área Metropolitana, esta reivindicación e en especial o relativo ao transbordo en Vigo dos cidadás do resto dos municipios que chegan á cidade de Vigo e que utilizarían o Vitrasa, necesariamente debe ser cuberto o seu custo por algunha administración dado que en ningún caso pode ser asumido polo Concello de Vigo dado o seu alto custo”, ou sexa, hai un ano dicían que nin sequera os transbordos deberían ser asumidos polo Concello de Vigo debido ao seu alto custe, entón agora di que os transbordos si, imos avanzando, isto vai como o hospital, imos por fases. Eu expliqueilles naquela moción hai un ano, como funcionaba o transporte e se quedaron cos ollos como pratos porque non acreditaban que si un vigués collía un autobús en Vigo ao vigués lle custaba cero euros o transbordo porque o pagaba a Xunta de Galicia, págano con esta tarxeta de transporte metropolitano e vostedes estanse a quedar con eses cartos clin-clan cada vez que o vigués vai en transporte metropolitano e colle antes un Vitrasa ou despois, clin-clan o vigués paga, e quen se queda cos cartos? O Concello de Vigo quédase cos cartos dos vigueses, pero nada, vostedes están no non permanente, xa o dixo vostede antes Sr. Font, non, non e non, o non é non do Sr. Pedro Sánchez, eu cría que xa quedarán escarmentados co non é non pero seguen así e non hai maneira.

Sr. Alcalde, vostede sabe que en 2014 este grupo político maioritario entón, votou a favor duns orzamentos municipais para que a cidade non se paralizara porque vostede estaba en minoría e non tiña votos suficientes, ese acordo incluía tamén o transporte metropolitano. En 2015 vostede non fixo caso, houbo unhas eleccións e a vostede os vigueses lle deron unha maioría histórica, que hai que recoñecerllo, un extraordinario resultado, seguro que vostede o fixo moi ben ou os demais non o fixemos tan ben, pero non se confunda Sr. Alcalde, entender que esa maioría absoluta lle lexítima a facer o que lle da a gana equivócase, apoiarse nesa maioría para aplicar o rodillo tal e como está a facer, sen escoitar a ninguén nin admitir que os demais grupos políticos poidan achegar algo de interese para a cidade, se equivoca Sr. Alcalde, e se cree que a cidade é vostede e que vostede está por enriba dos seus cidadás equivócase, aquí non estamos falando de territorio, non estamos a falar de Vigo Sr. Alcalde, estamos a falar dos vigueses, vostede a veces

parece o Sr. Puigdemont, fala de Cataluña, eu quero falar dos catalás, os vigueses clin-clan, temos que pagar porque non funciona a tarxeta de transporte metropolitano no Vitrasa, cando funcione esta tarxeta Vigo estará efectivamente integrado no transporte, vostede asinou, igual que o asinou o Sr. Bugallo, o Sr. Losada, o Sr. Irisarri, o Sr. Orozco, todos o asinaron coa súa cerrazón vostede se está a quedar con eses cartos dos vigueses, non se entende que se estea a pagar a todo o mundo billetes de avión ou que incluso ata maio do 2014 se estivera pagando a tarxeta verde a todo o mundo que aínda reconece que segue funcionando e non estar apoiando o transporte metropolitano. O transporte metropolitano de Vigo é bo, súbase a el e o mellor será cando en Vigo funcione.

SR. LÓPEZ FONT: Cos ollos como pratos quédome eu porque a cada interpretación que dan e cada historia que nos contan é precisamente o que dicimos nós, os que están defendendo os intereses de Vigo somos nós, se o que lles estamos dicindo aquí durante toda a mañá é que vostedes lles digan á Xunta de Galicia que recoñezan que Vigo está no transporte metropolitano e que se integre dunha vez por todas, si Sr. Fidalgo. Non se deu conta de que os argumentos son xustamente ao contrario.

Vigo foi absolutamente xeneroso, neste convenio que é a parte máis importante, hai un compromiso de 246.000 euros que dixemos que podíamos chegar ata 360.000 euros, e vostedes que non len neste papel, aquí é onde se especifica o tema dos transbordos e esta é a realidade do convenio e vostedes o que pretenden con tal de que non haxa Área Metropolitana é negar este convenio, e vexo intervención tras intervención que non se leron o convenio, que non teñen literalmente nin idea, e isto non é ningún comentario machista Sr. Fidalgo.

A realidade do transporte metropolitano, é a que é, Vigo asinou, Vigo dende maio ven traballando para solucionar un problema técnico que non é solucionado por parte da Xunta de Galicia, porque na reunión á que asistimos hai uns días demostramos cronoloxicamente que a Xunta de Galicia foi absolutamente incapaz de homologar as canceladoras e aí é onde está o problema para que esa tarxeta que vostede exhibe poida ser literalmente operativa.

Polo tanto, non poden enganar a absolutamente a ninguén e eu a verdade é que comprendo que a Sra. Muñoz tivera que deixalo intervir a vostede porque (neste

intre o Sr. Font pon un audio coa voz da Sra. Muñoz Fonteriz que di “bonificacións do transporte urbano cando estea dentro do transporte do tramo e dunha viaxe interurbana, iso é do que estamos a falar, ninguén está a falar aquí de viaxes libres”).

Conclusión Sra. Muñoz, só nos falla que vostede sexa capaz de negar que esta é a súa voz, sendo esta a súa voz o que é evidente e que vostede acepta que o transporte urbano ten que estar ligado ao interurbano e sabe o que aconteceu, que recibiu unha chamada e lle dixeron “di o contrario porque non nos interesa dende a Xunta de Galicia” e vostede que é para o que está, dixo “si presidente”.

PRESIDENCIA: Está este debate deixando as cousas claras, porque Sr. Fidalgo cando vostede di que para os vigueses o transporte urbano conectado cun interurbano costa e porque a Xunta de Galicia non quere poñelo gratis, porque os 46 céntimos do Concello de Vigo téñenos gratis, cando alguén quere coller un transporte interurbano dende Vigo ida e volta, os 46 céntimos do Concello de Vigo os teñen coa súa tarxeta verde, non os paga porque non quere aplicar o transporte metropolitano, pero Vigo está practicando Sr. Fidalgo, sabe quen aforra eses 0,86 euros? A Xunta de Galicia, é a Xunta de Galicia quen aforra os 0,86 euros, cada vez que un vigués ou unha viguesa vaia coller o transporte interurbano e colle un Vitrasa os 0,46 euros do Concello de Vigo xa os ten, xa llos damos coa tarxeta verde, o que non ten é os 0,86 euros da Xunta de Galicia porque non o aplica a Xunta de Galicia. Polo tanto, quen aforra os cartos? A Xunta de Galicia a que cada vez que un vigués/esa usa o transporte metropolitano e o transporte urbano como parte do metropolitano, ten que pagar o de Vigo 0,86 euros e a Xunta de Galicia nada, era a Xunta de Galicia quen tiña que pagar iso, por iso non o quere aplicar porque a Xunta de Galicia é a que aforra os cartos co sistema actual que vostedes apoian. Ese papel é correcto só que en vez do Sr. Abel Caballero ten que poñer o Sr. Feijóo, Sra. Muñoz, é o Sr. Feijóo o que deixa de pagar os 0,86 euros de cada vigués/esa cando usan a conexión co transporte metropolitano interurbano.

Pero voulle dicir máis cuestións, porque son fáciles de entender, e que no sistema que vostede describe aí, ese, é o que eu estou a propoñer, ese papel que vostede describe aí o que lle custa, acéptoo xa.

Sra. Egerique, que non está sendo capaz de resolver o problema técnico das

máquinas é a Xunta de Galicia, aínda hai tres días enviaban unha mensaxe aos técnicos de Vitrasa dicindo “perdoar o despiste, enviámoslle a nova documentación do novo programa”, iso foi aínda hai tres días e téñolle que dicir máis, eu entendo que a Xunta de Galicia non sexa capaz, é tecnicamente complexo, eu non estou recriminando á Xunta de Galicia coa súa empresa conxuntamente coa Abanca teñan un problema técnico, pois si esas cousas suceden, teñen un problema técnico, xa o resolverán, iso non ten dimensión política, vaise resolver cinco días antes ou despois si, pero quen está tendo problemas co programa informático que non son as canceladoras, non era certo que houbera dous tipos de canceladoras, hai unha, hai un programa informático que hai que aplicar, é moi complexo e están tendo infinitos problemas, sabe quen? A Xunta de Galicia, a súa empresa e a Abanca, déixeme que llo diga. Pero Vigo ten un sistema informático distinto moito máis avanzado e llo estou a explicar con boa vontade, infinitamente e tecnicamente máis avanzado e están tratando que o programa da Xunta de Galicia evolucione para ser utilizado, e esta é a cuestión, hai un problema técnico constatado xa que é un problema técnico da Xunta de Galicia pero me da igual, eu o entendo, non estou recriminando aos técnicos que tarden un pouco máis ou un pouco menos, o que recrimino e que dixi se faga intención política porque ademais quen responde de que non estean funcionando neste intre as máquinas, non é o Concello de Vigo que non ten nada que ver niso, nin tan sequera Vitrasa que ten o seu problema resolto como se demostrou o luns da semana pasada en A Coruña, no polígono de Pocomaco que foi onde nos mandaron ir, non viñeron eles a Vigo, mandaron a Vitrasa ir a A Coruña e foron, pois aí demostrouse que o programa de Vitrasa está traballando e funciona, falla o da Xunta de Galicia, aínda esta semana recibimos indicacións novas.

Polo tanto, hai dúas cuestións, hai unha cuestión técnica que se resolverá por parte da Xunta de Galicia e non recrimino en absoluto esa dificultade, e hai unha cuestión de interpretación de canto ten que abonar cada un, nesa cuestión de interpretación, ese papel que vostedes repartiron por todo Vigo, eu asúmo, esa é a proposta que nós estamos a facer, que relacionado cun autobús interurbano, os Vitrasas de ida e de volta e o transbordo sexa gratis, 0,86 euros a Xunta de Galicia e 0,46 euros o Concello de Vigo, a discrepancia está en que dentro calquera cidadá que ven a interurbano poden usar tódolos Vitrasa que queiran pagando 0,46 euros

o Concello de Vigo e nada a Xunta de Galicia, ou a discrepancia está en alguén que veña a Vigo co seu propio coche e viaxe co Vitrasa sen vir en interurbano, porque iso non é transporte metropolitano, non evita que ese coche entre en Vigo, esa é a discrepancia, a discrepancia que temos é a utilización interna do Vitrasa de se se paga os 0,46 euros o Concello de Vigo e cero a Xunta de Galicia, que isto é a clave, porque desa interpretación dos autobuses que non estean conectados con un interurbano, o Concello paga 0,46 euros a calquera de fora de Vigo e a Xunta de Galicia cero euros, esa é a discrepancia.

Como mostra de boa vontade política, imos a un contencioso-administrativo sobre iso, e eu acéptoo a primeira instancia, eu non podo presentalo Sra. Muñoz, que vostede algo disto debería saber, porque eu non cuestiono o que a Xunta de Galicia faga nos interurbanos, eu aplico o urbano de Vigo e se aplico o urbano de Vigo é o que está en desacordo o que ten que recorrer, eu non podo recorrer a miña propia decisión, non, vostede sabe que non ten razón, sabeo, eu non podo recorrer a interpretación que facemos aquí porque non a fai o Sr. Caballero, fana os técnicos do Concello de Vigo, insisto eu a comparto, a comparte todo Vigo.

Sr. representante de Marea de Vigo, o convenio está claro, basta con lelo porque está claro e a Xunta de Galicia sábeno, a Xunta de Galicia quere chantaxear a esta cidade dicindo se queredes a Área Metropolitana tedes que pagar as viaxes de todos a 0,46 euros, é unha chantaxe política e vostede sabe que isto é así. Eu digo, apliquen o convenio porque o convenio di como se resolven os conflitos, se resolven as interpretacións diferentes nun contencioso-administrativo, e polo tanto e o resto dos Concellos Sra. Egerique, tratámolo e os 14 estiveron de acordo porque no que había dúbidas era se se pagaba o transporte de conexión por Vigo, clarexamos que si. Despois apareceu a segunda dúbida de se a viaxe de volta se pagaba e dixemos que si, pero esa interpretación que fai Vigo é exactamente igual a que está a facer a Sra. Muñoz con respecto a todo e a que fai a Alcaldesa de Mos, os papeis que vostedes repartiron en tódolos concellos, nós aceptámolos, a cuestión que aí non aparece nos papeis, é se o resto das viaxes en Vigo, a Xunta de Galicia paga cero e o Concello paga 0,46 euros, esa é a cuestión, a cuestión en discrepancia que non o pon o convenio en ningún sitio, é se pagamos 0,46 euros no resto das viaxes no Vitrasa aos cidadáns de Vigo e a Xunta de Galicia cero, esa é a cuestión que estamos a debater, esa é interpretación que entendía tamén o

representante de Marea de Vigo, entendíase perfectamente, eu podo ter a dúbida de canto custa iso, témome cun custe elevado porque señor representante de Marea de Vigo, Sr. Pérez, nós fixemos unha proposta, eu dixen “estamos dispostos a pagar 360.000 euros”, o convenio, a estimación que a Xunta de Galicia fai do custe para o Concello, por certo, léase esa expresión señor voceiro de Marea de Vigo, porque aí pon o custe dos conectados co interurbano, aí o volve ratificar que é interurbano só, polo tanto, cando vostede di ao mellor son poucos cartos, eu fixen unha proposta antes de todo isto, dixen 360.000 euros achegamos, non 270.000 euros porque vai custar moito máis que iso, son moitos centos de miles de euros e polo tanto Vigo non ten que aparecer pagando unha contía que ademais non está no convenio, é que o Alcalde de Vigo aínda que quixera que non quere, o Partido Popular si porque esta é a chantaxe do Sr. Feijóo, a chantaxe do Sr. Feijóo é, se queren a Área Metropolitana que Vigo pague autobuses a todo o mundo a parte do Concello, pero nesa parte Sr. Pérez, a Xunta de Galicia paga cero euros, cada vez que alguén colle un autobús en Vigo que non estea conectado con interurbano, a Xunta de Galicia paga cero euros, e Vigo 0,46 euros en cada unha das viaxes, estamos a pagar nese convenio, non teñen razón, están as ordes do Sr. Feijóo, imos a contencioso-administrativo xa que están tan seguros, eu non podo ir ao contencioso-administrativo contra unha decisión que tomo eu, a miña sinatura é o que eu lle estou a dicir. Vostede está tan convencida de que teño razón que está facer isto, ensinando un papel porque sabe que teño razón e vostede sábeo que é o peor, porque vostede está no seu papel, Sra. Muñoz o papel que vostede repartiu para Mos e para Cangas acéptoo, ese mesmo papel que vostede repartía na chegada dos que viñan de Cangas, estaba vostede soa, non ten a miña capacidade de convocatoria, pero isto é visible basta con saír á rúa para darse conta, pero sabe por que Sra. Muñoz, porque a xente de Vigo cree en nós, en vostedes non e iso é o que lle pasa a vostedes.

Polo tanto, eu estou disposto a aceptar o que vostedes dicían neses papeis que repartiron, non me opuxen, e é a interpretación que lle estou a dar é a mesma que aparece nos papeis que repartiron, que pasou? Que querían enganar porque ocultaban que a Xunta de Galicia quere viaxes subvencionados para todos fora dos interurbanos de conexión, pero iso non aparecía para os de fora de Vigo, por iso isto é a chantaxe da Xunta de Galicia resulta patético ver ao grupo municipal do

Partido Popular dicindo que Vigo ten que pagar, e a Sra. Muñoz que sabe que teño razón decide sacrificar a súa propia razón, que entende todo Vigo o que estou a dicir e todo Vigo sabe o que di, que Vigo non pode pagar os autobuses de tódolos que veñen aquí, dicíano o voceiro de Marea de Vigo e o compartimos todos e eles pretenden sempre que Vigo pague, e esta vella canción que esta vez xa rematou, Vigo paga o que eu asinei no convenio porque é enormemente xeneroso e cando a Sra. Muñoz di que 270.000 euros, vostede di iso? Asínoo mañá, non é o informe do Interventor é o convenio, dio o convenio da Xunta de Galicia iso dio a Xunta de Galicia, fágolle outra proposta, acepto esa cantidade que vostede dixo, Sra. Muñoz imos a iso? Aceptamos todos os que estamos aquí esa cantidade? Non a poxa, agora están cazados outra vez porque saben que é mentira, acepto os 270.000 euros que vostede dixo, subo como dixer porque sei que é aproximada esa cifra, en unha poxa para que Vigo pague, pois voulle dicir como vai ser isto Sra. Muñoz, porque vostede pretende que Vigo pague 0,46 euros e a Xunta de Galicia cero euros, Vigo en tódalas viaxes que se fagan pagará 0,46 euros e a Xunta de Galicia cero euros. Polo tanto, pode dicir vostede o que queira porque ao final a interpretación dos técnicos de Vigo é a que eu estou a dicir e vostede se suma ao que di o Sr. Feijóo que é a chantaxe de que Vigo pague autobuses libres para todos a cargo dos impostos da cidade de Vigo. Saben o que din vostedes no seu propio partido? Como esta cuestión de transporte non saía ben politicamente o Partido Popular está liquidado, e sábeno e por iso non o poden confesar que vostedes seguindo as instrucións do Sr. Feijóo e da Alcaldesa de Mos queren que Vigo pague.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro

López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.01.2017 (Rex. Nº 1498/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

9(9).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de decembro de 2016 e 25 de xaneiro de 2017.

10(10).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de decembro de 2016 e 25 de xaneiro de 2017.

11(11).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE DATA 23.01.2017, DELEGANDO NA 1ª TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA DELEGADA DA

ÁREA DE PATRIMONIO HISTÓRICO, TÓDALAS ATRIBUCIÓNIS PRECISAS PARA A TRAMITACIÓN E EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES ARTÍSTICO-CULTURAIS DO III PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS. EXPTE. 8374/307 (REXISTRO PLENO 1492/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 20 de xaneiro de 2017, que di o que segue:

“Por Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras á Area de Patrimonio Histórico atribuíndose á su titular a dirección/ xestión, organización/ planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, formúlase á Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, lle corresponde á Alcaldía ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico D. M^a Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do Terceiro programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos seguintes créditos do orzamento do ano 2017, a través do Servizo de Patrimonio Histórico:

- 100.000 euros da partida 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURALES PROGRAMA ARTE.
- 350.000 euros da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.
- 3.600 euros da partida 3340.2279902 TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS ESPAZOS DE ARTE URB.

Segundo.- Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución dos proxectos.

Terceiro.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RE) 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

12(12).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 11.11.2016, REFERENTE AO CESE DE DONA PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO COMO ASESORA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E NOMEAMENTO COMO ADXUNTA DIRECTOR DE GABINETE ALCALDÍA. EXPTE. 91/1102 (REXISTRO PLENO 1494/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 11 de novembro de 2016, que di o que segue:

“A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 11/11/2016, tomou coñecemento da elevación a definitivo do acordo de “Modificación puntual da vixente RPT en execución de acordo plenario de data 26/07/2016. Expte. 28637/220” e modificou con carácter definitivo os acordos da XGL 15/06/15, 13/08/15 e 29/04/16 de adscrición de persoal eventual de Alcaldía para a súa adecuación á vixente Relación de Postos de Traballo e cadro de persoal e, en consecuencia, modificou 1 praza vacante de asesor/a Alcaldía, encadrada no persoal eventual, coa denominación de “adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía”, adscribindo á persoa que ocupe a dita praza á Alcaldía en réxime de xornada completa, cunha retribución bruta anual de 41.707,84€.,

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto

Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a D^a Patricia Rodríguez Calviño como persoal eventual-posto de asesora do Grupo municipal Socialista, nomeada no seu momento mediante Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015.

Segundo.- Nomear a D^a Patricia Rodríguez Calviño, persoal eventual-posto adxunta Director de Gabinete Alcaldía, suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Adxunta/Director de Gabinete Alcaldía.	Xornada completa	41.707,84 euros	Patricia Rodríguez Calviño

Terceiro.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.19.06.2015.

Cuarto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Quinto.- Notifíquese a presente a D^a Patricia Rodríguez Calviño, á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, Gabinete Alcaldía, Grupo municipal socialista e demais persoas interesadas para os efectos oportunos.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

13(13).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO

AO GOBERNO MUNICIPAL A MOSTRAR O MAIS FIRME REXEITAMENTO AO ACORDO ENTRE A UE E TURQUÍA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1493/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xaneiro de 2017, número 1493/1101, o concelleiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“(Esta moción e o seu contido a demanda da Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas)

O día 9 de maio celébrase o día de Europa. A data conmemora o día no que Robert Schuman, Ministro francés de Asuntos Exteriores, leu a Declaración que leva o seu nome e que sentou parte das bases do que hoxe é a Unión Europea cinco anos despois da finalización da II Guerra Mundial.

"A paz mundial non pode salvagardarse sen uns esforzos creadores equiparables aos perigos que a ameazan" ou "Europa non se fará dunha vez nin nunha obra de conxunto: farase grazas a realizacións concretas, que cren en primeiro lugar unha solidariedade de feito" son frases desta declaración.

Case 70 anos mais tarde, vivimos a peor crise de persoas desprazadas desde a II Guerra Mundial. Esta é unha crise de humanidade e de solidariedade. Unha barbarie. Unha sucesión de conflitos armados, guerras e inxerencias externas que ameazan con dexenerar aínda máis se non se toman medidas urxentes.

É a constatación dun modelo errado de xestión migratoria e dunha Europa vergonzosa, moi afastada dos seus valores fundacionais e da cidadanía á que representa.

Máis 60 millóns de persoas seguen saíndo das súas casas en países como Siria, Afganistán, Iraq, Palestina, Eritrea, Nixeria ou Somalia para fuxir da guerra, da fame ou da violencia sexual. Escapan de conflitos provocados por intereses xeoestratéxicos e económicos que promoven o espolio de riquezas e a venda de armas. O Mar Mediterráneo e as fronteiras europeas seguen sendo as fosas comúns nas que miles de persoas perden as súas vidas: máis de 4.000 en 2015; 400 a pasada semana. Seguimos vivindo con absoluto desconcerto a “perda” de máis de 10.000 nenos e nenas en mans das redes de trata. Tamén, os abusos sexuais de centos de mulleres refuxiadas.

Mentres tanto, os gobernos europeos actúan dun xeito inmoral que lembra perigosamente a tempos pasados.

O pasado mes de setembro a Unión Europea comprometeuse a acoller a máis de 120.000 persoas refuxiadas, 17.000 no Estado español. En cambio, no Estado

español só se acolleron 12 persoas ata agora.

Todo isto contrasta coa vontade da cidadanía europea. As mobilizacións cidadás a favor dos dereitos da poboación refuxiada e desprazadas, así como os datos dos últimos Eurobarómetros, son boa mostra de que, de novo, a cidadanía está moi por encima de quen goberna (o 85% da cidadanía do Estado español e o 65% da cidadanía europea está a favor de axudar ás persoas refuxiadas segundo os datos do Eurobarómetro de febreiro).

O último, e máis infame, chega agora co acordo entre a Unión Europea e Turquía, o xa coñecido como acordo da vergoña. O acordo entre a UE e Turquía aproba a expulsión das persoas que chegan a Grecia a Turquía, sen importar a súa idade, a súa nacionalidade, as súas circunstancias persoais ou o motivo que lles obrigou a fuxir do seu país. O acordo é inmoral e tamén ilegal, a súa aplicación práctica vulnera a normativa europea e internacional e supón un risco para a vida de moitas persoas refuxiadas.

Tal é o caso que a propia Comisión Española de Axuda ao Refuxiado (CEAR) decidiu denunciar o acordo UE-Turquía ante a Comisión Europea, O Consello de Europa e O Defensor do Pobo Europeo pola vulneración dos dereitos das persoas refuxiadas.

Polo exposto, instamos a esta Corporación municipal a tomar o seguinte

ACORDO

A. Realización dun acto simbólico en rexeitamento ao acordo entre a UE e Turquía e en recoñecemento das persoas que perderon a vida nas nosas fronteiras baixando a bandeira a media hasta.

B. Instar ao Goberno a tomar as medidas necesarias, mostrando o mais firme rexeitamento ao acordo entre a UE e Turquía, co obxectivo de garantir:

1. Rutas legais e seguras sen condicións.

É necesaria unha alternativa humana, legal e responsable, baseada no reasentamento incondicional de persoas refuxiadas cun número de prazas suficientes e nunha vontade política dos países da UE para que o sistema de recolocación respecte os dereitos humanos.

2. O cumprimento dos convenios internacionais e as directivas e lexislacións europeas en materia de asilo e refuxio. As persoas solicitantes de asilo teñen dereito a procedementos de asilo individualizados e con todas as garantías.

3. O respecto dos dereitos humanos nas fronteiras e garantía na protección das persoas, en especial ás menores e as máis vulnerables.

Una de cada tres persoas que están a chegar a Europa son menores, a maioría das cales se atopan sen escolarizar. Tamén as mulleres sofren de maneira especial esta crise ao estar expostas ao acoso, á explotación e á violencia sexual durante a viaxe e, tamén, ao chegar a Europa. A Convención dos Dereitos da Infancia é moi

clara en relación coa protección especial que deben ter as menores refuxiadas ou que soliciten asilo.

C. Asumir as medidas recollidas nas demandas da Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas e instar a que os outros niveis de goberno tamén o asuman, sendo estas:

- Facilitar o empadramento das persoas refuxiadas que cheguen ao municipio e facilitar os trámites ás persoas que xa o solicitaron.
- Poñer a disposición das persoas migrantes e refuxiadas recursos que tamén beneficien ao conxunto das persoas en situación de pobreza e/ou exclusión: recursos sanitarios, de reforzo escolar e educación inclusiva plena, de tradución, de integración e mediación, etc.
- A posta en marcha programas de formación dirixido ao persoal das administracións públicas que atenden en distintos servizos a persoas migrantes e refuxiadas.
- Interlocución entre as diferentes administracións: estatal, autonómica e local. Que as organizacións sociais e os concellos traballen conxuntamente, man a man, na posta en marcha de campañas de sensibilización dirixidas á poboación para combater os discursos racistas e xenófobos.
- Ampliar e axilizar o sistema de asilo para as persoas que xa están no Estado español e que actualmente están pendentes de ser atendidas, mediante o reforzo da Oficina de Asilo e Refuxio do Ministerio do Interior e de persoal debidamente formado nas Oficinas de Estranxeiría, para conseguir unha maior axilidade nas entrevistas de solicitude.
- Unha maior sensibilidade á hora de dar resposta ás persoas que poden acceder ao sistema de acollida porque está colapsado (en lugares como Madrid tárdase un mínimo de 4 meses en obter unha cita).
- Recuperar os fondos de cooperación ao desenvolvemento e os programas de atención á poboación de orixe estranxeira previos aos recortes, o cal contribuirá a mellorar a situación nos países de orixe e a construír unha sociedade xusta e cohesionada.
- Que se actúe sobre os problemas de orixe: adoptando medidas para loitar conta a desigualdade, reducir a pobreza e previr os conflitos armados nas zonas de orixe; cumprindo rigorosamente co Tratado de Comercio de Armas; e garantindo que as políticas comerciais, económicas e diplomáticas respecten os dereitos humanos e os recursos locais e que as empresas transnacionais non esquilmen os recursos dos países de orixe e cumpran as leis de transparencia e fiscalidade.
- Fomentar que se revise en profundidade a política migratoria e exterior europea.”

DEBATE:

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Despois destes tres asaltos da Área Metropolitana, imos facer unha pausa sobre o tema, despois volveremos, é verdade que o debate está

a ser moi aclaratorio, eu creo que collemos a tres persoas do público e xa entenderon a cuestión perfectamente.

17.000 persoas foi o compromiso da acollida do Estado español, 17.000 historias que ben seguro merecerían ser contadas unha a unha, historias que baixando ao persoal falarían de fuxir da violencia do conflito armado da violencia económica, da violencia sexual, da violencia imposta por intereses xeoestratéxicos económicos que promoven o espolio dos recursos dos países afectados, entre os que poderíamos citar Siria, Libia, Afganistán ou Iraq, países en grande medida afectados por intervencións armadas nas que por desgracia en ocasións o noso estado estivo intimamente relacionado e que só causaron máis morte, máis miseria e máis desprazadas/os.

A constatación do fracaso da Unión Europea e do Estado español, mentres o noso estado apresúrase a cumprir todas e cada unha das directrices que chegan dende Bruxelas en materia económica, directrices que asfixian sen cesar á clase traballadora española e galega e se non o fai con obediencia e axilidade é ameazado con sancións en materia humanitaria, permítese un incumprimento reiterado dos compromisos adquiridos e aquí non pasa nada.

17.000 son as persoas que o Estado español comprometeuse a dar asilo e non é que esteamos lonxe deste obxectivo, e que poderíamos dicir que non se fixo absolutamente nada.

Todos/as vimos nos medios as terribles imaxes de colas de refuxiados/as en medio da neve cunha precariedade absoluta, imaxes que lembran a tempos que xa criamos superados e que a min non me dan vergoña, dánme medo ao ver o avance imparable da supremacía dos valores económicos sobre os humanitarios, fascismo económico poderíamos chamalo.

Todo isto contrasta coa vontade da cidadanía europea, as mobilizacións a favor dos dereitos da poboación refuxiada e desprazada son boa mostra de que de novo a cidadanía está moi por diante de quen goberna, o 85% da cidadanía do Estado español está a prol da axuda as persoas refuxiadas segundo o eurobarómetro do pasado mes de febreiro, o último e máis infame chega co acordo da Unión Europea e Turquía, que aproba a expulsión das persoas que chegan a Europa sen importar a súa idade, a súa nacionalidade ou as circunstancias ou motivos que lles obrigaron a fuxir do seu país. A súa aplicación vulnera claramente a normativa europea e

internacional, a Comisión Española de Axuda ao Refuxiado denunciou xa o acordo ante a Comisión Europea, ante Consello de Europa e ante o Defensor do Pobo europeo pola vulneración de dereitos. Ante a inacción dun goberno de estado que como demostra na fronteira de Ceuta e Melilla non está preocupado por esta cuestión nin o estará, supoñemos que para o presidente a crise dos refuxiados será aliviada cando chega a primavera, as institucións máis próximas á cidadanía, é dicir, os concellos temos o deber de denunciar e alzar a voz no noso propio nome e no nome da cidadanía que representamos, e tratar de paliar esta situación de inxustiza.

É por isto que nesta moción presentada a demanda da Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas, solicitamos deste Pleno a aprobación dos seguintes acordos: a realización dun acto simbólico en rexeitamento ao acordo entre Unión Europea e Turquía. Instar ao Goberno a tomar as medidas necesarias mostrando o máis firme rexeitamento a este acordo e asumir as medidas recollidas nas demandas da Rede Galega en Apoio as Persoas Refuxiadas e instar a que outros niveis do goberno tamén as asuman.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Señores da Marea de Vigo sendo unha moción moi importante penso que a nivel galego está resolto, ademais o 16 de marzo deste ano pasado estaban vostedes representados non sei moi ben en que grupo, pero estaban no Parlamento galego e aí fíxose no Congreso dos Deputados unha declaración institucional na que se manifesta a oposición de tódolos grupos parlamentarios á expulsión colectiva de refuxiados Sirios a Turquía. Eu aconséllolle a Marea de Vigo que lea o texto porque a parte hai once puntos que non me vou poñer a ler, que me parecen moi importantes e que resumen claramente a moción que vostedes representan.

Nós imos votar a favor por suposto da moción, porque foi ademais acordado en Galicia e de momento non se puxeron muros en Galicia, de momento Vigo pertence a Galicia e polo tanto, acordámolo todos.

Da a impresión de que queren facer ver señores da Marea de Vigo que realmente lles preocupan os temas sociais, eu xa sei que aos do Partido Socialista non lles interesa nada e iso que está a concelleira aí, pero fíxense vostedes todos os que desapareceron do Partido Socialista no momento en que se empeza a falar de

temas sociais nesta cidade, non está case ninguén, os que estades moitas gracias pero marcharon todos, os do Partido Popular non saíron ningún, saíu o Sr. Figueroa, supoño que sería a tomar un café.

En Vigo existen moitas necesidades que por pura ideoloxía, eu non lle chamo ideoloxía, chámolle odio, vostedes non denuncian e están consentindo neste Concello de Vigo, as persoas, señores da Marea de Vigo, están por enriba das ideoloxías, son vostedes conscientes do número de persoas que dormen na rúa nestes intres? Hai camas libres di o Sr. Alcalde, por que será entón que prefiren durmir na rúa? Que non se aumente o número de traballadores no Concello de Servizos Sociais co fin de axilizar a RISGA, o aloxamento e a axilizar tódolos trámites que teñen as persoas que lles parece a vostede? Que non se lle conceda vivendas aos desafiuzamentos por negarse o Alcalde a asinar o Acordo de Vivenda coa Xunta de Galicia, non teñen opinión? Que un programa como Coidadores de Barrio con éxito enorme en Madrid e en Barcelona sirva en Vigo como porta xiratoria para colocar amigos e non teñan a máis mínima xestión e por esta falla de xestión dende o Concello, os traballadores nos barrios andan desorientados e á caza de maiores con bastón, tampouco lles interesa?

Que se mire para o outro lado cando rapazas novas están pedindo ás portas dos comercios cun cartel que pon "axuda" e non se faga nada dende o goberno municipal, como lle chama vostede a isto Sr. Jácome? Debería ser delito aproveitarse da debilidade dos máis desfavorecidos, debería ser delito a frivolidade coa que se está a levar o tema das axudas sociais nesta cidade, vostedes non o denuncian señores da Marea de Vigo, por pura "ideoloxía", xa saben que eu lle chamo odio, todo por non coincidir co Partido Popular nas denuncias sociais que as estamos a facer es vostedes non están a facer nada, prefiren vostedes coincidir cun goberno que colabora en incapacitar aos máis débiles da sociedades, por certo, unha pregunta, están vostede en contra da cesión Aspanaex do edificio?.

Hai cantidade de temas sociais do que un ten que pasar das ideoloxías, en temas de violencia de xénero, de pobreza e de temas sociais temos que pasar das ideoloxías ou diso que vostedes lle chaman ideoloxías. Non é imposible, as persoas están por enriba e as necesidades tamén.

Falla de coherencia total é manifestarse e animar á xente a manifestarse en Navia

polos problemas do ambulatorio e agora neste momento votar en contra de que se abra pola tarde, quérenme vostedes explicar que clase de ideoloxía é esa?

SR. LÓPEZ FONT: Decía antes un concelleiro do Partido Popular que se quedaba perplexo e que tiña os ollos como pratos, eu despois da intervención da Sra. González certamente quedeime perplexo, preocupado, indignado e ademais Sra. González direille unha cuestión, eu creo que os refuxiados sentirían vergoña de vostede, eu creo que se calquera persoa que está na situación que se describe nesta moción a escoitase a vostede, sentiría absolutamente vergoña. Non se trata de prohibir nada, trátase de trasladar a indignación ao que vostede manifesta, trátase de trasladar a indignación a utilización dunha moción sobre refuxiados para falar da política social deste goberno, trátase de combater o que vostede aproveite as desgracias alleas para falar das locais, cando queira presenta unha moción Sra. González, pero ogallá alí onde gobernan vostedes no Partido Popular, ben sexa no Estado ou na autonomía, fixeran o 10% que fai este goberno en política social, ogallá, pero como se atreve vostede en nome das siglas do partido Popular falar de durmir na rúa nesta cidade cando non dorme ninguén pero como se permite atacar a política social cando esta é a mellor cidade.

Non se leron a moción e non leron que cando o goberno de España se comprometeu a acoller a unha serie de refuxiados van só por doce refuxiados dende o goberno, non saben vostedes que os únicos pasos que se deron en canto á efectiva atención aos refuxiados foi a través da FEMP que preside o Sr. Abel Caballero, xa vexo que están vostedes moi pouco decatados deste problema.

Eu vou ir a moción Sra. González, e a estar de acordo coa inmensa maioría das cousas que se manifestan nesta moción, pero xa teño que dicir e manifestar o rexeitamento a todo o que está a facer o Partido Popular en canto a política social, pero como se atreve vostede a traer aquí o que acaba de dicir cando foron cinco anos de recortes nunha reforma laboral, en dependencia, en bolsas, en axudas sociais e en sanidade que está denunciando todo o mundo e vostede quere chegar aquí como adalid das políticas sociais, eu espero e estou seguro que o compañeiro concelleiro de Marea de Vigo contestaralle moi en condicións porque é o que presentou a moción, pero de verdade, dígollo e é o peor que se pode dicir desta intervención nesta moción, calquera refuxiado sentiría vergoña do que vostede

acaba de dicir porque o único que fixo é despreocuparse deses problemas, dos problemas que teñen o único que fixo é non atender o que se propón nesta moción.

Sr. Jácome, nós coa moción estamos basicamente de acordo na maioría das cuestións, entendemos que o formato ténolo que permitir non é o idóneo porque é unha declaración de intencións e de medidas que non todas están con capacidade para que se poidan decidir dende este Concello e entendemos que a combinación, na nosa opinión, perfecta é que coa exposición de motivos que vostede fan e coa emenda de substitución que lles propoñemos que sería refundir dunha forma moi concreta, moi explícita o que é o apoio aos refuxiados, a facer outra política dende os gobernos de España e de Europa cremos que é o idóneo, pedimos que nos acepten esta moción porque cremos que non se desvirtúa absolutamente nada e que coa exposición de motivos estaría absolutamente completa aínda recoñecendo a sensibilidade que ten este goberno, que ten o seu Alcalde e como presidente da FEMP polo tema dos refuxiados, outros só fan política de siglas.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: En primeiro termo, como o grupo do Partido Popular puido ler moción sen dúbida, no punto c, o que se expoñen son acordos moi claros a nivel concello sobre este tema, despois non sabia eu porque non era consciente de que o feito de defender os dereitos de persoas que morren de frío e fame nas fronteiras da Unión Europea, quítase a posibilidade de defender aos desfavorecidos da nosa cidade. O seu discurso, permítame que llo diga, resumiríao moi brevemente e sería “os españois primeiro”, iso é o que vostede acaba de expresar con outras palabras “os españois primeiro” porque se defendemos os refuxiados non podemos defender aos desfavorecidos da nosa cidade, e polo tanto haberá que ir a iso “aos españois primeiro”, é o que acaba de dicir vostede “os españois primeiro”.

Volvemos a reafirmarnos no discurso “os españois primeiros”.

Por outra banda, en canto á emenda presentada polo partido Socialista estando de acordo nos tres puntos fallaría máis, estaríamos dispostos a aceptalo como engádeda e incluso como substitución das primeiras partes do que é a moción, sen embargo o punto c propón acordos que atinxen directamente ao Concello de Vigo e

que nos parece perfectamente realizable, facilitar o empadramento das persoas refuxiadas, poñer a disposición das persoas migrantes recursos que tamén beneficien ao conxunto das persoas en situación de pobreza ou exclusión social, a posta en marcha de programas de formación dirixidos ao persoal da administración, introdución entre as diferentes administracións, en fin, unha serie de acordos que directamente afectan ao Concello. Xa digo, como engádeda destes tres primeiros puntos se o goberno Socialista acepta tamén incluír o punto c da nosa moción aceptámola perfectamente se non non poderíamos aceptala.

SR. LÓPEZ FONT: Quero dar como explicación de voto que nos imos abster, consideramos que se abarcan moitas cuestións que terían que ser obxecto dun tratamento que entendemos que se debe facer como propuxo o Sr. Abel Caballero, dende a presidencia da FEMP e dende o conxunto dos concellos e estando de acordo coa exposición de motivos e sobre todo na seguridade de que vai saír votada favorablemente, o noso voto será a abstención.

PRESIDENCIA: Sr. Jácome, entendo entón que acepta igual a emenda.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Aceptámola como engádeda se así o desexan, contando coa abstención do Partido Socialista, non temos ningún tipo de problema en incluír estes acordos na moción.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Presidente e tampouco están presentes os concelleiros Sr. Pardo Espiñeira e Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e catorce abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira,

Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.01.2017 (Rex. Nº 1493/1101), polo concelleiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Jácome Enríquez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

14(14).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE A CUMPRIR COA SÚA PALABRA, COA SINATURA DO CONVENIO E MÁIS COA LEI, INCORPORANDO A VIGO AO TRANSPORTE METROPOLITANO. REXISTRO PLENO 1500/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xaneiro de 2017, número 1500/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 6 de xullo de 2016, na Alcaldía de Vigo, o alcalde Abel Caballero, xunto ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e outras autoridades presentes, subscribía o convenio de incorporación de Vigo ao Plan de Transporte Metropolitano.

Aquel mesmo día, no transcurso dunha xornada que foi cualificada polo rexedor vigués como “notable”, “grande” ou mesmo “histórica”, o propio alcalde sinalaba “que o mellor chegará cando funcione”. Así mesmo, a empresa concesionaria, Vitrasa, apuntaba ese mesmo día que a integración efectiva produciríase no mes de setembro, toda vez que xa levaban tempo traballando na homologación do software necesario para o correcto funcionamento das canceladoras. Unha data que mesmo foi posta en dúbida polo alcalde aos poucos días, afirmando que ía exixir a activación “canto antes, no mes de agosto a poder ser”.

Pois ben, case 7 meses despois daquela xornada “histórica”, adianto dun tempo “mellor cando funcione”, a realidade é que Vigo, e por ende os vigueses, seguen sen poder desfrutar das importantes vantaxes que outorga este servizo. Un grave

prexuízo que pon de manifesto un dobre incumprimento do alcalde de Vigo: co convenio que el mesmo asinou; e coa lei da Área Metropolitana de Vigo, aprobada por unanimidade, cun consenso histórico, no Parlamento de Galicia.

Durante todo este tempo, temos asistido a un cúmulo de sucesos e escusas, que comprenden desde a inminente posta en marcha do transporte ata a imposibilidade de facelo porque agora resulta que a Xunta non enviou un software que en xullo xa estaba en poder de Vitrasa desde facía tempo. Situación que derivou, finalmente, na constitución en falso da Área Metropolitana de Vigo, pois como a propia norma establece na disposición adicional decimo primeira:

A efectiva posta en funcionamento da Área Metropolitana de Vigo requirirá a previa integración efectiva do transporte urbano de Vigo no Plan de transporte metropolitano de Galicia, trala formalización do correspondente convenio de adhesión entre a Xunta de Galicia e o municipio.

Resulta obvio que dita adhesión non se ten producido, pese ao cal o alcalde de Vigo seguiu adiante coa Área Metropolitana, algo que en nada beneficia, dadas as circunstancias, aos veciños de Vigo.

Por desgraza, o feito de que os vigueses non poidan coller gratis o Vitrasa nas súas viaxes metropolitanas non parece importarlle ao rexedor. Os cidadáns veñen soportando desde fai tempo nas súas viaxes a coñecida “Taxa Caballero”, sen entender que o seu alcalde non vele polos seus intereses.

Neste sentido, resulta sospeitoso comprobar que, dos 65 concellos que asinaron o mesmo convenio, só en Vigo non está a funcionar o transporte metropolitano, o que da a entender que as posibles dúbidas de interpretación non fan senón ocultar a vontade de incumprir o convenio.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos relatados, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

Instar ao alcalde de Vigo a cumprir coa súa palabra, coa firma de convenio e máis coa lei, incorporando de modo inmediato a Vigo ao transporte metropolitano, evitando así que os vigueses segan a pagar a “Taxa Caballero”.

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sinceramente lamento que, como ven sendo habitual, neste momento non estea presente o Alcalde de Vigo para volver a tocar o tema que foi practicamente monográfico neste Pleno, claro, é moi fácil sentarse aí na presidencia a falar sen ningunha limitación.

PRESIDENCIA: Eu creo que para facilitar o debate que debemos gardar silencio e respectar aos compañeiros que están no uso da palabra, dígollo aos tres grupos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Lanzar moitas cousas e despois ausentarse para escoitar moitas puntualizacións que eu creo que é importante facelas e que quede constancia neste Pleno, porque repetir moitas veces unha mentira non a converte en verdade, o único que fai é que a mentira sexa cada vez máis grande e aquí do que estamos a falar e dende logo do que o Partido Popular quere falar e o Partido Socialista e o Alcalde de Vigo non quere falar é de dar servizos aos vigueses/as, porque para iso é a Área Metropolitana, a Área Metropolitana na cree o Partido Popular é unha Área Metropolitana útil para os cidadáns e non ao servizo dunha persoa para facer política. A Sra. Marra despertou despois de todo o Pleno para falar do transporte. Respecte o que acaba de dicir o Presidente, que estou no uso da palabra. O principal servizo é o transporte metropolitano e queremos falar de transporte metropolitano porque preguntamos de que serviu este Pleno? Todas esas mocións que vostedes presentaron de que lle serven aos vigueses? Absolutamente para nada, de que lle serve as Xunta de Goberno que están a realizar, esas pantomimas aos vigueses? Absolutamente para nada, e porque nós queremos falar dos vigueses e queremos dicirlles aos vigueses o que están tendo que pagar pola súa guerra particular do Alcalde de Vigo contra o Presidente o Sr. Feijóo, eles si que teñen dereito a sabelo porque o convenio está claro, e por moito que o queira negar agora o Alcalde o único que asinou o convenio con tódalas súas cláusulas, tamén agora das que renega, chámase o Sr. Abel Caballero, e este convenio está sen cumprir, e Vigo non está integrado efectivamente no transporte metropolitano porque con esta tarxeta metropolitana os vigueses teñen que pagar os transbordos e terían que saírnos gratis se estiveramos integrados efectivamente no transporte metropolitano.

Polo tanto, non veñan a dicirnos e a querernos facer ver o branco negro e a presentar mocións fantasma que non serven absolutamente para nada.

A nós, a diferenza de vostedes, o que nos preocupan son os vigueses e cando eu falo e pode poñer vostede a miña gravación Sr. Font porque hoxe tivo realmente un papel estelar porque o seu recurso habitual á descualificación persoal hoxe superou tódolos límites, pode poñerme vostede esa gravación as veces que faga

falla porque seguirei defendendo o que defendo dende o primeiro momento aos vigueses que vostedes están a prexudicar porque non está funcionando o convenio que o seu Alcalde asinou e que está a incumprir, a min o que me preocupa é que un vigués que vai a Cangas, Nigrán, a Redondela, xa sexa a traballar ou a pasear podería ter o Vitrasa gratis e estano a pagar pola súa culpa, señores do goberno municipal, polo responsable o Sr. Abel Caballero, polos 0,87 euros que lle está a custar é a taxa ao Sr. Caballero que o Alcalde de Vigo, na súa particular guerra e obsesión que xa é case patolóxica co presidente da Xunta de Galicia, esa, estalles facendo pagar. E a min tamén me preocupa non só eses vigueses, preocúpanme os mozos que podendo pagar cero euros no transporte metropolitano, nos transbordos, máis 0 euros no transporte interurbano que llo subvenciona a Xunta de Galicia, resulta que un mozo que vai a Cangas por exemplo, ten que estar pagando máis de tres euros cando debería pagar cero euros, iso é o que nós nos preocupa e por iso saímos a rúa con isto, para falar os vigueses do que os vigueses se estaban a perder e vostedes pasaron de chamalos patéticos a dicir agora que resulta que si os apoiaban, miren, non nos tomen o pelo máis, cumbran coa súa palabra, que o Alcalde de Vigo se deixe de escusas, que por certo, dea a cara e non se esconda como está a facer neste momento, e que faga o que ten que facer para o que lle votaron e é o seu deber que é primeiro, cumprir a palabra dada porque está representándonos a todos e en segundo lugar, defender en primeiro lugar e antes que nada os intereses de tódolos vigueses/as, que cumpra o convenio que asinou, que desatasque a Área Metropolitana e que faga que por fin Vigo teña o que tanto tempo pediu.

SR. PÉREZ CORREA: Volvemos a introducir ruído, cando nos imos achegando a unha posible síntese de acordo volvemos para atrás e aparecen os fantasmas dos problemas, as canceladoras, o software, e esta moción volve introducir cuestións que poñen enriba da mesa e ao mellor imos estar sistematicamente circundando a solución precisamente para non chegar a ela. Eu vou poñer un exemplo que quizais non se dea agora pero que dende logo a Marea de Vigo puxo enriba do seu programa electoral e que de aprobar esta moción tal e como propón o Partido Popular, no futuro pode ser un agravio económico brutal para esta cidade, é un problema acceder á área urbana de Vigo, en coche particular tanto para os

veciños/as deste termo municipal como os veciños que veñen de fora, entre outras cousas pola desaparición do aparcadoiro de superficie, por esa política de complementar aos aparcadoiros públicos con concesións das que son responsables o Partido Popular e o Socialista ao longo dos anos.

Polo tanto, nos levábamnos no programa levamos a posibilidade de crear aparcadoiros disuasorios na periferia, gratuítos, grandes aparcadoiros disuasorios, ás que chegarían as persoas, sexan ou non das zonas rurais de Vigo, ou sexan ou non dos concellos que están na nosa contorna, grandes aparcadoiros onde unha persoa puidera deixar o seu vehículo e trasladarse en lanzadeiras de transporte urbano ao centro da cidade, se non queda meridianamente claro, agora ese caso pode ser absolutamente anecdótico, da xente que entra co seu coche particular e colle un Vitrasa, pero se houbera posibilidade de levar adiante ese programa significa que miles e miles de coches quedarían nas zonas periurbanas e miles e miles de persoas utilizarían o transporte público, se non queda claro no convenio quen paga iso, sistematicamente pagariámolo o Concello de Vigo, baixo ese criterio de que non hai un transporte metropolitano porque non se produce un transporte entre dúas cidades, cousas que agora poden ser economicamente pequenas se pensamos no futuro poden ser absolutamente perigosas para os recursos públicos, porque sigo insistindo, temos que complementar nós como cidade de Vigo o transporte por un prezo abusivo. Por suposto que agora a Xunta de Galicia paga cero euros porque non está o transporte urbano de Vigo funcionando e operando, eu creo que si está, obrigaba a lei un convenio no momento que hai unha sinatura e a lei se desenvolve, o transporte urbano de Vigo está, outra cousa é que non estea o sistema de tarificación polas cuestións que puxeron enriba da mesa.

Polo tanto, se hai un compromiso de asumir que a interpretación do convenio non é desa maneira, é dicir, que o Concello de Vigo teñamos que asumir unha parte que non corresponde, nós estaríamos incluso dispostos a apoiar esa moción, pero é que esta moción o que deixa aberto é precisamente a orixe do problema porque claro que temos un problema serio de interpretación coa cuestión do convenio, sigo dicindo, non temos unha aclaración e polo tanto, sería fácil facer un compromiso, un documento, un novo anexo a ese convenio que clarificara esas cuestións para que non houbera unha interpretación particular. E iso de que a xente

viaxa a cero non é real, outra cousa é que non o pague o usuario, pero se ao final o que imos estar é complementando sistematicamente sexa Vitrasa, sexa empresas concesionarias que van seguir existindo porque o Partido Popular no súa lei segue pensando que é fácil poñer de acordo a once pequenos, o outro día alucinábamos cun convenio do Concello de Mos que entraba o seu transporte no transporte metropolitano, o único concello da Área Metropolitana que ten competencias en materia de transporte é Vigo, por iso o problema, porque ten máis de 50.000 habitantes e polo tanto ten competencias en transporte, cousa que non ten Mos, a pesares do paripé de coller dous microbuses para levar á xente aos ambulatorios, é dicir, que iso é unha sinatura dun convenio de integración.

Polo tanto, claro é que difícil a integración do Concello de Vigo, e posiblemente outros concellos que integraron o seu transporte na Área Metropolitana como o caso de A Coruña, ou de Santiago de Compostela era precisamente porque non teñen a concesión como a temos nós, co sistema tarifario que temos nós e co sistema de compensación económica á concesionaria, polo tanto, o Partido Popular debería poñerse con nós para evitar que a concesionaria poida interpretar dunha maneira absolutamente arbitraria tamén as cuestións que teñen que ver coa súa integración porque a min non me preocupa se o paga o Concello ou o paga a Xunta de Galicia porque ao final estámolo a pagar de maneira diferida tódolos vigueses/as pague quen pague, polo tanto, iso neste moción non queda nin moito menos clarexado e polo tanto, non podemos subscribila.

SR. LÓPEZ FONT: Como estou acostumado neste Plenos a que cando non se teñen argumentos ao que digo se me acuse de descualificar, pois o asumo unha vez máis, pero Sra. Muñoz que vostede que arrancou esta mañá dicindo que vostedes valen moito máis que nós, diga que eu a vostede a descualifico é certamente sorprendente, dez veces, pero creo que vai lembrar vostede este Pleno durante moito tempo, primeiro, porque vai ter moi difícil explicarlle ao Sr. Feijóo o que dixo aquí e as contradicións nas que caeu, vai ter moi en conta este Pleno porque foi moi importante para esta cidade, 20 de 27 concelleiros dixeron que a Área Metropolitana está constituída, tamén vostede o dixo, que deber rexistrarse e que estamos integrados no transporte metropolitano e o acaba de dicir agora o voceiro de Marea de Vigo que vostedes o único que pretenden é que isto sexa barra libre

con cargo aos vigueses. Polo tanto, este Pleno é moi importante porque ademais interveu o Alcalde para deixalo suficientemente claro, non se trata do que vostede diga ou do que eu diga, senón de como o perciben os cidadáns, garántolle moi ao seu pesar que os cidadás a suspenden a vostede e aproban ao Alcalde de Vigo, pero é que é algo maior, e é que aplicación deste convenio, o Alcalde de Vigo dixo que sexa inmediata, nós mañá poñemos en marcha este convenio ao que aluden vostedes, está asinado polo Alcalde de Vigo, figura unha cantidade e figura o concepto de transbordo e este é o concepto de transporte metropolitano, e a maior barbaridade do mundo foi cando vostedes exhiben a tarxeta e din que nos imos aforrar os vigueses e se mistura Vitrasa, se quen se está a aforrar os cartos como moi ben especificaba o Alcalde, é a Xunta de Galicia porque estame impedindo a min o que eu teña unha viaxe gratuíta, porque está impedindo cando non rexistra a Área Metropolitana e cando non recoñece que estamos no transporte metropolitano. É vostede Sra. Muñoz, a que lle ten que pedir á Xunta de Galicia o que se recoñeza que estamos no transporte metropolitano.

De vostedes se pode dicir ao longo destes cases dez anos, que traizoaron moitas veces á cidade, coa complicidade do Sr. Feijóo, nos roubaron literalmente unha caixa de aforros, trataron de pechar o Aeroporto de Vigo e agora queren que non haxa Área Metropolitana, pero non se preocupe.

PRESIDENCIA: Volvemos dicir o mesmo, a ver se escoitamos as persoas que teñen o uso da palabra.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz, é vostede a que ten que responder, é vostede a que ten que dicirlle aos vigueses se está de acordo coas viaxes ilimitadas porque da moción se desprende que si. É vostede a que ten que dicir se se pode acceder en coche a Vigo para utilizar o transporte metropolitano, e me imaxino que a contestación debería de ser que non, porque vostede debuxou isto no que veñen de Baiona a Vigo e si se ven en coche, non vale o panfleto Sra. Muñoz, este panfleto é mentira se vostede di que se pode vir en coche a esta cidade, isto non é transporte metropolitano e iso non é o que dixo vostede na gravación que lle puxe anteriormente.

E finalmente, ten que contestar aos vigueses e aos cidadás da Área Metropolitana

si se ratifica nestes panfletos porque si se ratifica nestes panfletos e o Alcalde de Vigo solemnemente aquí dixo que o acepta e que se poña mañá, a única que falla é vostede para que isto se poida aplicar e para que o convenio se poida executar de inmediato é vostede, pero témome moito que vostede veu con instrucións precisas aquí, e enriba con algunha que outra gracia porque isto da taxa “Caballero” é unha ocorrencia que lle vai saír moi mal, aquí a única taxa que hai é a taxa da Xunta de Galicia, a taxa da chantaxe, a do peaxe porque o Sr. Feijóo non se quixo nesta cidade a ata na grada de Balaídos teña que entrar as ocultas e a última hora.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire Sr. Font, se antes se retratou dende logo co último que dixo dende logo, sinceramente dáme vostede pena, que teña que recorrer a ese tipo de afirmacións porque Sr. Font, e o señor ausente Alcalde de Vigo que non quere escoitar porque non lle interesa, o Sr. Feijóo non se esconde, defendeu sempre a Área Metropolitana e defendeu sempre o que cría o Partido Popular e gracias ao Sr. Feijóo, polo que vostedes teñen unha obsesión, é o que ten o complexo de inferioridade, da lugar a obsesións por parte do seu xefe, o Alcalde de Vigo, defendeu e gracias a el temos unha Lei da Área Metropolitana, que neste momento poderíamos ter desenvolvida e ter en pleno funcionamento, e se non o está é porque ten só un responsable e se chama Sr. Abel Caballero. Vostedes fixeron moitas referencias ao que se defende ou se deixa de defender, eu pódolle dicir unha cousa Sr. Font, eu creo profundamente na palabra dada, creo profundamente no estado de dereito, en que un responsable político ten que cumprir cos seus cidadás, creo profundamente en que cando un asina algo despois non se pode dar marcha atrás e creo profundamente en que ir coa verdade por diante permíteche mirar cara a cara aos vigueses e aos cidadás, saber que estás dicindo e que sempre lle dixeches o mesmo e a verdade, exactamente o contrario do que pode dicir o Alcalde de Vigo e que agora ademais referenda coa súa ausencia neste último momento do Pleno, porque el non lle pode mirar a cara aos vigueses para dicir que está a cumprir e velando en primeiro lugar polo seus intereses, porque hoxe quedou demostrado aquí que o único que lle importa ao Alcalde de Vigo é facer unha nova pantomima pero que non tomou nin unha soa medida para que os vigueses se beneficien do transporte metropolitano. Está na

súa man se el cumpre o convenio asinado ao día seguinte se retiraría o recurso, díxoo a proia Xunta de Galicia e funcionaría a Área Metropolitana, pero non lle interesa, lle interesa enredar, que esteamos todos a falar aquí disto, non lle interesa que falemos de que pagamos o transporte urbano máis caro de España, que falemos que nos subiu o transporte este ano, que falemos que temos un transporte terceiro mundista ao hospital Álvaro Cunqueiro, interésalle enredar.

Vostedes son responsables de que o soño metropolitano para os vigueses se convertera nun pesadelo dunha confrontación política sen límite por culpa do Sr. Abel Caballero, na que el está instalado e que dende logo caia quen caia vai continuar con ela, porque insisto non lle importan os cidadáns só lle importa o seu ego persoal e se cree por enriba da lei, xa sabemos e xa saben os vigueses que a palabra do Alcalde de Vigo non vale nada, xa sabemos que a sinatura do Alcalde de Vigo non vale nada e agora tamén sabemos que o Alcalde de Vigo vai seguir así e vai acabar sendo como Atila que por onde pase non vai crecer a herba.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Presidente e tampouco está presente a concelleira Sra. Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.01.2017 (Rex. Nº 1500/1101), pola

voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

15(15).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á PETICIÓN DE FOAMPAS DE NAVIA PARA SER RECIBIDOS POLO GOBERNO MUNICIPAL.

SR. PÉREZ CORREA: Ante o problema que coñecíamos esta semana de que a Xunta de Galicia adscribe aos estudantes de Navia en Valladares de maneira militar, practicamente colocando na web ese problema da zonificación sen consulta, que se reciba a FOAMPAS e que se traballe dende o Concello para evitar este agravio que se vai producir na comunidade educativa.

16(16).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AOS TRABALLADORES DO AERoclUB.

SR. GAGO BUGARÍN: Rogo que o Sr. Alcalde reciba aos 25 traballadores do Aeroclub que como saben son 25 familias que representan e que traballan nin símbolo da cidade, e ademais cónstame que están aquí presentes e que de forma insistente solicitado algunha petición de reunión e non foron atendidos e polo tanto, rogaría por favor, que o Sr. Alcalde atenda aos traballadores do Aeroclub.

PRESIDENCIA: Tómase nota do rogo.

17(17).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL

DO PARTIDO POPULAR, SR. PIÑEIRO LÓPEZ, RELATIVO AO TRANSPORTE PÚBLICO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Rogo ao Sr. Alcalde que escoite aos veciños de Vigo, en concreto aos do barrio de Teis e se mellore o transporte público ao hospital Álvaro Cunqueiro.

PRESIDENCIA: Tómase nota do rogo

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

18(18).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO ÁS MEDIDAS QUE VAI TOMAR O GOBERNO EN CANTO Á MEDIACIÓN ENTRE O CADRO DE PERSOAL DO AEROCLUB E Á COMUNIDADE DE MONTES.

SR. PÉREZ CORREA: Nós si que trasladamos en forma de pregunta o que acaba de trasladar o Partido Popular sobre a situación das familias e a pregunta é que vai facer este goberno municipal en canto á mediación coa Comunidade de Montes e o cadro de persoal.

PRESIDENCIA: Tómase nota da súa pregunta, contestaráselle por escrito.

19(19).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERRIQUE MOSQUERA, RELATIVO ÁS OBRAS DA RÚA GARCÍA BARBÓN.

SRA. EGERRIQUE MOSQUERA: Os veciños de García Barbón transmítennos que levan tempo cunhas obras que estiveron paralizadas e queren saber que prazos manexa o Concello para o remate desas obras.

20(20).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ , RELATIVO AO NÚMERO DE TRABALLADORES DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Gustaríanos saber cantos traballadores hai nestes momentos en activo dentro do Concello de Vigo, na Área de Servizos Sociais.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.